

# TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

N.º 20 · outubro-nadal 2012

1€

NÚMERO EXTRA - ESPECIAL FRANCISCO AÑÓN



## Neste número:

Editorial: Ano de Añón.

As homenaxes a Añón.

O levantamento de 1846.

Documental: Añón na memoria.

Añón e Outes.

San Campio e Añón.

Certame de Poesía F. Añón.

Música para Añón.

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a  
Ramón Blanco



## Editorial: Ano de Añón

Chega no mes de outubro a culminación do Ano de Añón, no que se conmemora o bicentenario do nacemento do poeta. Durante os primeiros días deste mes e ata o día 9, data do 200 aniversario, tomarán por fin corpo todos os proxectos presentados a comezos de ano polo asociacionismo de Outes e o propio Concello e temos que manifestar o noso orgullo pola participación case sempre entusiasmada do pobo, particularmente a poboación escolar; nos distintos actos cos que se vén celebrando este bicentenario, xa desde aquel mes de xaneiro no que se convocou o certame para elixir un logo identificativo do Ano de Añón.

Se ben parecera que durante meses non se fixo nada máis ata o mes de xullo, no que tivo lugar o Curso de Verán adicado ao poeta, organizado pola nosa asociación, o certo é que durante todo ese tempo estiveronse dando pasos nos despachos institucionais e buscando financiamento. Pasos lentos, pero que determinaron a consecución de importantes axudas por parte da Xunta de Galicia e da Deputación provincial da Coruña, para o cal a participación da máxima autoridade municipal resultou decisiva, a fin de que se asinasen acordos económicos substanciais nunha época, como a actual, tan crítica en todos os sentidos, pero singularmente para a cultura.

E aínda cos recursos conseguidos, non se pode lograr froito algún sen a paciente maduración que necesitan todos os proxectos ofrecidos xenerosamente polos partícipes desta celebración. Así, os poemas de Añón musicados polos directores da Banda, das distintas corais de Outes e Rodrigo Romaní ou interpretados por Enrique Martínez e Onde Brass?, necesitaron o seu traballo de composición, arranxos instrumentais e os ensaios precisos antes de poderse estrear o día 6 de outubro. A reedición dos poemas de Añón que publicara a Real Academia Galega no ano que se lle adicou o día das Letras Galegas, tivo que esperar na imprenta da Deputación a que lle chegase a súa quenda e logo ser corrixido pola Real Academia antes de presentarse no Congreso de Añón a celebrar os días 4 e 5 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago; libro que despois será repartido por todos os domicilios do concello de Outes. O volume de Ramón Blanco sobre a Vida e Obra de Francisco Añón, non só tivo que ser escrito a marchas forzadas desde que se conseguira financiamento por parte da Consellería de Cultura e se buscara editorial que o publicase, senón que tamén tivo as súas correccións, cun mes de agosto polo medio, no que medio mundo está de vacacións e o outro medio non move un papel mentres falten os xefes, de viaxe pola Serra de Gredos ou as praias de Portugal. Da mesma forma os recitais poéticos e os certames de pintura adicados a Añón, a cargo dos escolares de Outes, deben antes ser promocionados polos profesores e profesoras, ensaiados ou adaptados, con dous meses de parón estival. Así aconteceu tamén coa elaboración da páxina web adicada ao Bicentenario de Añón, que se presentou publicamente durante o curso de verán celebrado nos días 19 a 22 de xullo. Igual que coa elaboración do documental que se presentará primeiro no seo do congreso sobre Añón e logo nas xornadas conmemorativas dos días 6 e 7 de outubro na Casa de

Cultura de Outes, que precisou por parte dos seus autores, Óscar Sendón e Juan Silva, de moitas horas de gravación en múltiples lugares, entrevistas a diferentes persoas e un arduo labor de posproducción en estudio. O mesmo que a gravación dos poemas musicados, coa que se editará un disco que servirá de peche antolóxico para o Ano de Añón, no mes de decembro.

En definitiva, a asociación Terra de Outes desexaría que todos os meses deste ano se tivesen enchido con multitude de actos a celebrar por todas as parroquias, pero a dignidade das actividades proxectadas obrigou a unha preparación coidadosa, rigorosa e sería que esixiu o suficiente tempo de preparación. Pero os resultados cremos que deixarán memoria imborrable do poeta, non só en Outes, senón en toda Galicia.

## ÍNDICE

|                           |               |
|---------------------------|---------------|
| <b>As nosas novas</b>     | páxs. 2 e 3   |
| <b>Historia</b>           | páxs. 4 a 6   |
| <b>Documental</b>         | páx. 7        |
| <b>Teatro</b>             | páxs. 8 e 9   |
| <b>Antropoloxía</b>       | páxs. 10 e 11 |
| <b>Reportaxe</b>          | páxs. 12 e 13 |
| <b>Entrevista</b>         | páxs. 14 e 15 |
| <b>Opinión</b>            | páx. 16       |
| <b>Saudegalizando</b>     | páx. 17       |
| <b>Mediambiente</b>       | páx. 18       |
| <b>Evocacións</b>         | páx. 19       |
| <b>Páxinas Literarias</b> | páxs. 20 a 25 |
| <b>Música</b>             | páx. 26       |
| <b>Os papeis de Añón</b>  | páxs. 27 e 28 |

### Director:

Xosé M. Vázquez

### Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,  
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

### Edita:

A.C.C. Terra de Outes  
terradeoutes@gmail.com

### Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

### Foto da portada:

Monumento de Añón, despois de colocárselle a placa  
enviada pola Unión de Residentes de Outes en Bos Aires  
o 17 de maio de 1968.

**Revista  
Subvencionada  
pola:**





## Curso de Verán

Baixo a denominación “IV Xornadas de Añón. Bicentenario do nacemento do poeta”, organizado pola ACC *Terra de Outes* en colaboración co Concello, celebrouse na Casa da Cultura de A Serra, do 19 ao 22 de xullo, un curso destinado a profundizar na vida do poeta Francisco Añón e a súa obra literaria, así como dar a coñecer o patrimonio histórico, cultural e natural de Outes e a ría de Muros-Noia.

As actividades comezaron o xoves 19 coa inauguración dunha exposición sobre F. Añón elaborada por Ramón Blanco, Santi Nieto e Pili Sampedro. Despois presentouse a páxina web adicada ao Bicentenario de Añón, deseñada por Luis Mariño e Leandro Fernández; e a continuación tivo lugar a conferencia: *Bicentenario de Añón, ocasión para reivindicar ao poeta*, que impartiu Henrique Monteagudo, profesor da USC e membro da Real Academia Galega.

Para rematar a primeira xornada, durante a degustación duns pinchos que se serviron aos máis de 40 asistentes, fíxose a presentación do nº 19 da revista *Terra de Outes*.

A mañá do venres 20 destinouse a realizar unha travesía marítima pola ría de Muros-Noia a bordo do balandro Joaquín Vieta e incluíu unha visita á vila muradá, coa guía de Xoán Mariño, coordinador do curso.

Xa pola tarde tiveron lugar un par de conferencias: *A ría do Poeta Añón*, a cargo de Xoán Mariño, profesor de Xeografía e Historia, e *Clasicismo e romanticismo na obra de Añón*, por Ramón Blanco, profesor de Lingua e Literatura galega. Despois chegou o turno da presentación do documental *Francisco Añón. O poeta na súa terra*, por parte de Óscar Sendón, coautor do mesmo. E para pechar esta segunda xornada o grupo coral do Club de Lectura de S. Lourenzo interpretou o himno “A Galicia” de Añón.

O sábado pola mañá ocupouse cun roteiro literario *Polas terras de Añón*, coa guía do profesor e escritor Ramón Blanco. A tarde serviu para que os profesores Xavier Castro e Manuel do Río impartisen as conferencias *A literatura galega na época de Añón* e *O levantamento de 1846 e o nacemento de Galeguismo*. E esta xornada pechouna Serafín Marcos cunha performance poética que xirou en torno á figura do noso escritor.

O domingo 22 clausurouse o curso coa actuación do grupo de gaitas do Concello de Outes, que acompañou a ofrenda floral diante do monumento a Añón por parte de Xoán X. Mariño, presidente da asociación Terra de Outes e Carlos L. Crespo, alcalde de Outes.



## Churrascada

Outro ano máis, de novo á sombra dos carballos do paseo fluvial do río Tins, que aplacaron a calor estival do último sábado de xullo, celebrouse a churrascada que a nosa asociación organiza cada verán para os seus membros e colaboradores.

Nesta ocasión, antes de que o noso socio Francisco Balayo, “Pancho”, se puxese a asar os 15 kgs. de carne e 50 chourizos crioulos que despois se consumiron, nenos e maiores asistentes deron conta dun saco de mexilóns ao vapor, xentileza de Francisco Rama, xerente de Mariscos Ramais.

A festa, prolongada ata a caída da tarde, estivo en todo momento acompañada dun gran cartel que anunciaba a proximidade do bicentenario do poeta Añón, a quen nesta oportunidade se dirixiron os brindes.



## As homenaxes a Añón

Mingucho Campos

**No bicentenario de Francisco Añón. Agasallos Póstumos en recoñecemento ao seu labor literario.**

Cómpre comezar esta achega comentando que cuxamente foi a intelectualidade galega a que amosou un maior desinterese co labor literario de Añón, malia ser unha das figuras máis atractivas dos precursores do Rexurdimento. Non resulta este feito estraño porque a súa produción íntegra, en vida do poeta, nunca foi recollida en colección ningunha. Neste traballo propóñome fundamentalmente facer un relatorio daqueles acontecementos, actos, homenaxes, publicacións... máis salientables realizadas con posterioridade ao pasamento de Francisco Añón. Poucos días despois do fatal e triste desenlace do vate de Boel amigos, como Augusto Mosquera e outros poucos que non o abandonaron nos momentos máis difíciles e mesmo custuearon o seu enterramento, tentaron manter a súa memoria e pugnaron, inda que sen demasiado éxito, polo recoñecemento e valoración da súa obra... Publicáronse sobre Añón varias necrolóxicas, coma a do propio Augusto Mosquera, ou a feita pública na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana*, dirixida por Manuel Murguía. Decía denantes que en vida de Añón non se publicara ningunha colección íntegra da súa poética. Hai que esperar aínda uns meses despois da súa morte, ao ano 1878, para ver publicado *Poesías varias*. Colección debida a la inspirada pluma del eminente gallego D. Francisco Añón Paz nun folletín do xornal vigués *La Concordia*. No

*Divino Sainete* Curros Enríquez, que é quen fala na obra, atópase con Añón (que capitanea a Santa Compañía) nunha noite de Nadal en Madrid, decidindo ámbolos dous emprender unha viaxe a Roma, onde celebraba o seu xubileu o papa León XIII. A lectura desta obra esperta en moitos o interese e a curiosidade polo coñecemento da poética de Añón. Igualmente en 1878 Curros e outros compoñen elexías que se publican en *El Heraldo Gallego*.

A elexía de Curros leva por título: *Conjuro sobre la tumba del poeta Añón*. Ademais, no periódico noiés *El Tambre* aparece a de Lisardo Barreiro, que tamén será publicada en 1883 na *Gaceta de Galicia* (Santiago). En 1889 publícase *Francisco Añón. Poesías* (Biblioteca Gallega). Desta obra fíxose unha copia-reedición en Buenos Aires por iniciativa da Unión Residentes de Outes (Est. Gráfico J. Estrach, 1922) cun limiar de V. Novo y García (Ferrol, 1889). E no ano 1925 o poeta outense afincado aló, Domingo Sendón, viaxa a Outes, por encargo da mesma asociación, para colocar unha placa (que se porá aínda en 1935) na casa natal do vate de Boel. O ano 1928, cincuenta cabodano, vai ser prolífico, xa que van ve-la luz moitas publicacións sobre Añón, da autoría de: Uxío Carré Aldao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo... e a Real Academia Galega celebrou unha sesión en homenaxe a Añón e Benito Vicetto, na que Antón Villar Ponte fixo unha semblanza del. Mais, a máis grande homenaxe tributada foi a do **17 de maio de 1966, ao adicárselle o “DÍA DAS LETRAS GALEGAS”**. Naquel día inaugurouse na Serra o monumento a Añón, feito por Andrés Barbazán e a Real Academia Galega publicou na súa homenaxe *Poesías Galegas*, cun limiar de Álvarez Blázquez. Foi un acto merecido e brillante que por falta de espazo non vou comentar máis extensamente. Nel interviron o presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez Risco, e o académico Ramón Otero Pedrayo. Pero, os verdadeiros protagonistas foron os numerosos veciños de Outes, que acudiron a homenaxear ao seu conveciño máis ilustre. En 1968 a Unión Residentes de Outes envía unha placa para ser colocada naquel monumento. **Dende entón 1966 será recoñecido no mundo das LETRAS GALEGAS coma O ANO DO POETA AÑÓN**. Manuel Fabeiro Gómez, muradán de nacemento e noiés de adopción, publicou no *Boletín da Real Academia Galega* un traballo sobre Añón que levaba por título *Breves notas sobre Añón* (páx. 130-138, 1974). Avilés de Taramancos escribiu en 1983 a peza teatral *Tres capitáns de tempos idos*, para ser representada polos alumnos de EXB da Serra. Nela Añón protagoniza un lance (o terceiro). En 1989 Bel Ortega publicou *Poesía en galego de Francisco Añón Paz*. A Asociación Cultural “Escarabello” organizou en 1990, no Centro Social da Serra, un acto en homenaxe a Añón. No mesmo interveñen: Ana Romani, Fernando Bel





Ortega, Antón Avilés e Xan García Suárez. Co título **Vida e obra de Francisco Añón** Fernando Bel Ortega publicou no ano 1991 a súa tese doutoral. Dende o ano 1997 vénse celebrando o “Certame Francisco Añón Paz de Poesía” organizado polo concello de Outes. Múltiples e regulares foron as ofrendas florais realizadas perante o seu monumento ao longo destes últimos anos por diversos colectivos e as visitas á súa casa natal, actos non sempre ben recibidos, valorados e nalgunha ocasión contravertidos. O Pobo de Outes honrou e honra cunha rúa ao seu fillo máis recoñecido e xustamente nesa rúa construíuse o IES que leva o nome do poeta de Boel. No patio interior do mesmo hai colocada unha placa na que se pode ler a seguinte inscrición: “Este centro foi inaugurado polo presidente da Xunta de Galicia, Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne, sendo conselleiro de Educación o Excmo Sr. D. Celso Currás Fernández. Serra de Outes, 11 de marzo de 1999”. Nas inmediacións deste centro abriuse en setembro de 1999 unha librería co nome de Poeta Añón. No IES Poeta Añón reuníronse no curso 1999-2000 os representantes de nove centros de Secundaria que decidiron crear o Premio Leixapré de recoñecemento á defensa da lingua galega. O acto de entrega do primeiro premio concedido ao poeta da Terra Chá, Manuel María, foi completado cunha ofrenda floral perante o monumento a Francisco Añón, un recital de poesías súas por parte dos alumnos de EXB dos colexios da Serra e do Cruceiro de Róo e unha semblanza do vate feita polo mestre D. Manuel Canay Creo. A Asociación Cívico-cultural “Terra de Outes” distinguiuse sempre pola actualización e a posta en valor do patrimonio cultural de Outes. Francisco Añón forma parte importante deste patrimonio inmaterial. Por iso, coincidindo co 130 aniversario da morte do poeta “Terra de Outes” organizou unhas xornadas (14-20 de abril de 2008) sobre a súa vida e obra que abrangueron charlas, recitais poéticos, unha exposición que constaba de 15 paneis que nos ían achegando á vida e á obra de Añón Paz. Con motivo destas xornadas a asociación guiou un roteiro literario, “Polas terras de Añón”, e fixo unha ofrenda floral perante o monumento adicado ao poeta.



**NOTA DO AUTOR:** Coido que sería desexábel tratar con moita máis amplitude esta temática. Sei, lector, que comprendes as limitacións, de todo tipo, destas publicacións. Grazas.

## CONTRIBUCIÓN NOIESA

Por xentileza da investigadora Concha Allut, responsable de Patrimonio no Concello de Noia, tivemos noticia da contribución dos nosos veciños do outro lado do Tambre ao custeamento do monumento ao máis importante escritor outense, pero tamén artífice do Rexurdimento da literatura galega, motivo polo que a Real Academia Galega adicou o Día das Letras Galegas ao noso poeta no ano 1966.

O 17 de maio dese ano inaugurouse, nunha cerimonia multitudinaria, o monumento a Añón que hoxe preside o lugar central da capital municipal, obra do escultor nigrariense Andrés Barbazán e a cuxo financiamento quixo axudar a corporación noiesa que naquel momento presidía D. Antonio Busto, segundo consta no libro de actas municipal dese Concello e que di así:

*“Acórdase contribuír coa cantidade de cincocentas pesetas, á homenaxe que na súa vila natal se rende ao poeta gloria das letras galegas D. Francisco Añón, natural de Boel—Concello de Outes—, e cuxa cantidade se pagará con cargo ao capítulo de imprevistos”.*

*Sesión ordinaria do 18 de maio de 1966*  
(en castelán no orixinal)

Detrás de tal aportación, como auténtico promotor da idea, non nos cabe dúbida que estaba a figura de Xosé Agrelo Hermo, gran defensor da cultura galega, concelleiro en Noia nesa época e vencellado a Outes por lazos de amizade con Pepe Campos, membro precisamente daquela corporación outense presidida por D. Baldomero Puerta que promoveu a construción do monumento, erixido na memoria do insigne poeta homenaxeado naquel ano, ao cal os noises aportaron aquela importante cantidade, equivalente ao dobre do salario mensual medio dun profesional ben remunerado naquel entón.



Pepe Agrelo con  
Pepe Campos  
e outros amigos de Outes  
en Brión, no ano 1954.

*Meson*  
**O' Candil**

C/ José Antonio  
Teléf. 981 85 03 79

SERRA de OUTES

## O levantamento de 1846 e o nacemento do galeguismo

Manuel del Río

O erguemento de 1846 constitúe un fito na historia galega e na conformación do galeguismo e a reivindicación do país galego. Un fito no que tamén participaría, se lle damos creto a informacións indirectas, o noso poeta Francisco Añón. Vexamos de xeito sintético o desenvolvemento dos feitos da revolución. Sendo raíña de España Isabel II, que contaba daquela con 13 anos de idade, o presidente do Goberno Central, o xeneral Narváez, instaura un goberno autoritario e moderado que provocou enfrontamentos populares. O 2 de abril de 1846 levantouse en Lugo o batallón mandado polo coronel Miguel Solís, disolvendo o Consello Provincial e a Deputación; outras prazas sumáronse nos días seguintes. O 4 de abril tamén se alza A Coruña cos provincialistas. Pío Rodríguez Terrazo fixo unha Xunta e enfrontouse ao gobernador militar Villalonga. O día 5 Solís marcha co exército a Santiago, onde os xefes Antolín Faraldo, Antonio Romero Ortiz, Ramón Garea, Bermúdez Cedrón e os irmáns Pasarín conseguiran recrutar 300 universitarios. O día 8 uníranse a Solís, quen se atopa con Francisco Puig Samper e MacMahon en Sigüeiro. O día 9 prodúcese o pronunciamento de Buceta en Pontevedra, onde se constituíu unha Xunta presidida por José María Santos. O día 10 pronunciáranse Tui e Vigo, onde se fixo cargo o brigadier Rubín de Celis. O 15 de abril constituíuse en Compostela a Xunta Superior do Reino de Galicia, que reclamou as liberdades e dereitos que Narváez abolira e un trato máis xusto para Galiza, que os sublevados consideraban literalmente tratada como "verdadeira colonia da corte". Unha vez declarada a revolta, Solís dirixiu unha arenga aos seus soldados. Nesta alocución a intención do alzamento atópase claramente expresada no final do discurso: "Gallegos: españoles todos: ¡Viva la Reina libre!, ¡Viva la Constitución!, ¡Fuera extranjeros!, ¡Abajo el Dictador Narváez, ¡Abajo el sistema tributario!". O xeneral Narváez enviou tropas baixo o mando do xeneral Gutiérrez de la Concha para recuperar o territorio. O día 23 de abril comezou a batalla de Cacheiras, na localidade homónima (concretamente o espazo situado entre as casas da Ribeira e a cima de Montouto), entre as tropas de Madrid e as galeguistas de Solís, que foron derrotadas. A gran superioridade das tropas do goberno central fixo inútil a resistencia. As tropas do xeneral De la Concha entraron en Compostela a saqueo e pillaxe, segundo se lles prometera. Solís refuxiouse nun primeiro momento en San Martiño Pinario, pero entregouse esa mesma tarde. Foi xulgado tres días despois en Carral, nun xuízo sumarísimo, e condenado a morte xunto cos seus compañeiros sublevados. O medo á reacción dos seus simpatizantes explica que o xuízo tivese lugar en Carral e non en Santiago ou na Coruña. Ao serán, o coronel Solís foi levado ao adro da igrexa de Paleo, onde foi

fusilado. O comandante Víctor Velasco e dez oficiais máis foron pasados polas armas na Fraga do Rei, entre Carral e Paleo, e foron enterrados no día seguinte no cemiterio de Paleo, sen que se escribise sobre as súas tumbas inscrición ningunha. O párroco, que presenciou o fusilamento, na acta de defunción engadiu: "Espectáculo horroroso. Triste Memoria". O tema da colaboración activa de Añón no




erguemento segue agardando probas claras que saian dos arquivos e bibliotecas. De todos os xeitos, as verbas dos historiadores decimonónicos, a pertenza á xeración dos revoltados, a marcha posterior de Añón a Portugal tralo fin da revolta e a súa sona revolucionaria (asociada ao "Hino dos Povos") forxan unha cadea de indicios indirectos que, a falta de maiores probas, testemuñan a máis que probábel participación do vate outense nun feito histórico decisivo para a conformación da Galiza contemporánea.



## Presentación do Documental: «Añón na Memoria»

Juan Silva e Óscar Sedón



A celebración do bicentenario de Francisco Añón debería servir para intentar repoñer a importancia real que o poeta outense tivo nos comezos do artellamento do sistema literario galego e na culturización e dignificación dun idioma e dun país. Por iso cando Ramón Blanco nos propón a posibilidade de emprender un proxecto audiovisual sobre a figura do poeta Añón non dubidamos en render a nosa pequena homenaxe a un símbolo da cultura galega e o persoeiro máis relevante de Outes. E foi Ramón Blanco unha peza determinante para que todo o “traballo sucio” desta peza documental fose menos sucio e tamén moito menos traballo, xa que nos proporcionou toda a documentación dixerida, serviunos de nexo de unión cos entrevistados e, como especialista en Añón, resolveu tódalas dúbidas que ían aparecendo. Agora ben, o primeiro escollo á hora de afrontar unha peza audiovisual, sexa cal sexa a súa magnitude, é o ton que se quere imprimir ó proxecto. Dunha primeira volta barallamos dúas posibilidades: un documental da vella escola con entrevistas ós especialistas no mundo de Añón, ou, por outro lado, crear unha ficción histórica na que se puidese recrear vida e obra do poeta de Outes. Neste punto decatámonos de dúas cousas fundamentais: Añón non era Batman, e as nosas inquedanzas e o noso xeito de crear non ían casar con ningunha das dúas opcións anteriores. Polo tanto a fórmula que nos propuxemos como meta foi a de intentar apañar a pegada que o vate foi deixando na xente do concello, isto é, ver como a xente interiorizou a Añón como algo seu, tanto como personalidade social e histórica, como o poeta de todo un concello, sen esquecer como algúns dos estudosos locais profundizaron no coñecemento do escritor, do xornalista e sobre todo no persoeiro do Rexurdimento galego. Intentaremos pois buscar unha visión global do poeta partindo do recordo dos outenses que 200 anos despois do seu nacemento seguen recitando e musicando os seus poemas, seguen a pórlle o seu nome a institutos, a agrupacións..., e así afondaremos na que posiblemente sexa a única icona recoñecida e recoñecible do concello de Outes. Esperamos pois mostrar que Añón transcendeu o tempo e segue voltando ós “frondosos confines” da Arcadia en cada verso cantado, recitado ou sinxelamente recordado neste “curruncho onde libre nacín”.



## Añón e Outes, dous nomes inseparables

Pilar Sampedro

Para Añón, ter nacido en Outes foi pasar a chamarse Poeta Añón e converterse no Precursor do Rexurdimento. Para Outes, que Añón nacera en Boel, foi pasar a formar parte da xeografía literaria converténdose nunha referencia imprescindible na literatura galega. O lugar de orixe aparece nos textos de Añón explícita e implicitamente. Vai a paisaxe creando unha atmosfera emocional, unha natureza íntima que pasa a ser infancia e patria. Nela, chuvia e luz, vexetación e verde, arrecendo de ruda, sabores de caldo, humidade na pel... transfórmanse en sentimento. Esa sensibilidade que o leva a escribir uns versos nos que Boel se identifica co paraíso e outros nos que Galicia aparece como o Edén; o paraíso e ben perdido: o tempo que se vai e os lugares que fican lonxe. A literatura é a tarteira na que se cocen as lembranzas, na que se transforman en símbolos, e a voz trema cando no medio do verso aparece o topónimo que tantas veces dixemos ou polo que tantas veces pasamos na cotianeidade dos días non datados. E así, Boel, Outes... quedaránselle pegados na pel marcándoo, como sucede cos artistas que non despegan as raíces, a pesar de ter que vivir lonxe, e que se senten orgullosos de ser de onde son. Persoas que se identifican co seu e ao tempo van creando a identidade común. El, Añón, identifícase co país e escribe en galego cando non se facía, asumindo así o seu papel de "profeta", abríndolles a porta aos tres grandes: Rosalía, Curros e Pondal. Esa identificación ten unha relación directa cos lugares, coas palabras que escoitara na casa e na aldea, coa paisaxe e as xentes, cos sentimentos de amor ao máis próximo, que son os que aseguran o apego e respecto ao que está máis alá dos pequenos muros que nos separan do mundo. Por iso, poderíamos dicir que Añón sente Galicia a partir (ou a través) de Outes. Os lugares están nel e el nos lugares. De tal forma é así que se alguén pide unha definición ou descrición de Outes non poderíamos facela desde ningún tipo de vista sen telo en conta. Añón é o orgullo de Outes, é o seu símbolo cultural, aquel que lle dá unidade e o xungue a todo o que sexa duradeiro, a todo o que non sexa de "usar e tirar". Aínda que non negaremos que naqueles tempos duros para Añón, Outes non lle puido botar unha man, de forma que nun último acto de abandono quedou en Madrid o seu corpo, imposible de recuperar. Pero tamén o é, que o lugar non puido quedar impasible ante todas as manifestacións que se realizaron acerca de Añón por parte de múltiples homes de cultura, como tampouco o puido facer cando a Real Academia Galega lle dedica as Letras Galegas do ano 1966, só despois de Rosalía, Castelao e Pondal. O monumento e as placas chegadas de América da man da



Asociación Unión de Residentes de Outes en Bos Aires para colocar tamén na casa... As múltiples elexías a el dedicadas, a homenaxe de Curros colocándoo n' *O divino sainete*, son fitos que se colocan á beira do pobo que o recita, que aprende as súas poesías de memoria para facelas súas e repetilas en múltiples ocasións. Sen dúbida: cando se fala de Añón, faise de Outes, por iso os nomes van xunguidos de maneira indeleble. Se nos achegamos máis aos nosos tempos, as referencias literarias a Outes tráennos a Añón nesa lectura que achega significado ao escrito polo creador; así, cando en *Con pólvora e magnolias* (1976) Méndez Ferrín escribe: "Súpeto, o vento virou e trouxo ese ondear de nubes cegas / encol de Serra de Outes, por acaso" moitos de nós quixemos ver ao poeta de Boel baixo ese ceo. Noutros casos a relación é directa, tal como se pode ver na obra de teatro *Tres capitáns de tempos idos* de Avilés de Taramancos. Este, que tamén xunguiu o lugar (Taramancos) coa obra e o propio nome ata o punto de coselo ao apelido para que nunca puideramos referirnos aos seus textos sen citalo: Avilés de Taramancos.

A obra e a súa creación está directamente vinculada a Outes, tal como teño explicado en varias ocasións. Daquela, nos primeiros



- Receptora de Alarmas
- Sistemas de Alarmas
- Portas Blindadas
- Extintores
- Caixas Fortes

OFICINAS E EXPOSICIÓN:  
Avda. de Lugo, 2  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981 59 92 44



oitenta, cando Avilés acaba de chegar de Colombia e monta a Tasca Típica en Noia, eu son profesora no Colexio Público da Serra de Outes. Unha tarde na que ía ao cine-club do Liceo, pasei pola Tasca e comenteille a Avilés unha idea que me andaba dando voltas. Quería montar unha obra de teatro que constituíra un percorrido pola historia da literatura galega, na que participaría todo o alumnado, uns representando determinados personaxes e outros recitando ou lendo os textos representativos de cada época; desa maneira coñeceríana e ao tempo sentiríanse vinculados a esa historia que aínda non rematara; o último obxectivo sería ese, que se sentisen partícipes dun proxecto que estaba en marcha: a permanencia dunha lingua e unha literatura ao longo do tempo. Sobre todo, o que máis me interesaba era que se sentisen orgullosos do idioma que falaban e “honrados por compartir a terra de Añón. Non todo o mundo tiña a sorte de contar cun veciño que axudara a elevar a lingua ó Olimpo das literaturas, por iso reivindicar o seu papel de precursor, de adiantado do Rexurdimento, parecía imprescindible”, escribía na edición da obra. Despois de comentarlle isto para que puidese achegarme algunha idea, especialmente autores e textos que lle pareceran imprescindibles, funme ao cine; e á volta, cando nos xuntamos alí de novo para o último café, Avilés presentárame un caderno de debuxo no que fora escribindo a obra á man e ilustrándoa, ao tempo que achegaba notas para a posta en escena. A peza, dedicada “Para os nenos da escola da Serra de Outes”, está atravesada por un personaxe principal que é a velliña que representa a Galicia e ten tres lances: o primeiro deles situado na época medieval no que é protagonista o Rei, o segundo colócanos nos Séculos Escuros e o personaxe que centra a acción é o xuíz, e o terceiro representado por Añón:

“Eu chámome Francisco Añón, e nacín aquí preto, na aldea de Boel. Á miña nai Galicia deixárona muda hai trescentos anos, pero eu vou erguer a súa voz. Voulle devolver a súa fala. Sei que vou pasar traballos, destellos e prisións, e quen sabe se non terei que morrer de fame... Pero xa é tempo de saír da escuridade. Adiante pois eu son o primeiro dos Precusores. Despois de min han de vir tantos...Xa estou soñando con Rosalía, Curros, Pondal... ¡Que tempo tan plácido chegará en que todos falen galego e ninguén se avergoñe da súa nai!”E a velliña intervén:¡Ai, meu fillo, meu fillo!

Devolvéstesme a voz, devolvéstesme o meu cantar. Cantos traballos pasaches, meu Francisco Añón, pero o teu sacrificio non foi



Libro-Árbore placa Avilés



## A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

**NOIA**

## San Campio e Añón, a cada cal máis coñón...

Emilio de Balado

Estaban no Freixo. Daban boa conta de ostras, nécoras, mexillóns e outros produtos autóctonos (abofé que non viñan da cetaria do nº3). Un exquisito branco de Amandi en xerra de Gundivós ía baixando... San Campio con traxe de centurión. Añón en hábito franciscano con que o soterraron.

Parola regueifeira. Cantigas de maldicir, axiña de escarnio. Humor dialéctico.

–Meu bo amigo Farruco (Añón), gusto moito do soneto "Amor Apresurado". Volve estar de moda: *Miráchesme, mireiche, nos miramos;/ Sorricheste, sorrinme, os dous sorrímos;/ N'os nosos ollos nosa image vimos:/ Ti n'os meus, eu nos teus nos retratamos./ Desde entónces d'amor nos abramos;/ ...Ja que d'o corazón libre dispomos;/ Os paxaros d'os bosques imitemos;/ ...Nosa doce ventura apresuremos...*

–Grazas, Campio, penso que fixen cousas mellores que non gardei. O "Hino dos Povos" ¡quen llo dera agora ós da UPG!... Núbraseme o entendemento cando lembro as primeiras vorcalladas na túa xesteira. Rebota no campanario.

–Foron inxustos contigo. Marxináronte. Non tiveches padriños. Mesmo Murguía, que tan ben manexou a mercadotecnia a prol da súa dona, acode ao teu enterro pero logo non te inclúe en *Los Precursores*. Di que eras un bohemio, que

a mellor poesía que fixeches foi "A Pantasma" e que non eras quen de compoñer con acerto outras poesías que non fosen de costumes galegos. Agás para Curros, para os outros eras un marxi-nal.

–Home pequeno, fol de veleno. Tamén ti fuches "utilizado". A xerarquía eclesiástica precisaba loitar contra o protestantismo, contra as ideas da ilustración, contra a modernidade

procedente da revolución francesa, contra a idea dun Xesús obreiro, labrego ou mariñeiro. Daquela inventan novos santos como ti e santa Minia. Mais logo retirante do altar maior de san Ourense cando se decatan que dalgún xeito está medrando o poder do demo e cultos precristiáns. Se te decatas, somos contemporáneos. Chegas a Galicia no 1795. Inventaron que viñas das catacumbas romanas.

–Risco, con todos os respectos, medicalízate, psicoloxízate. Di que es un *ciclotímico, un arroutado, semi-infantil, romántico*... Na miña modesta opinión, baseándose nun gravado (non coñezo ningunha foto túa), permítese a *boutade* de dicir: "Añón tiña un *dermatoesqueleto repubricán*...". Con algo máis de finura, Paz Andrade fala de: "*rebeldía fisionómica de Nietzsche*" e distingue entre personalidade de Añón poeta e Añón home... Xa estamos no século XX e na individualización psicolóxica que copian de fóra os da xeración Nós.

–Non te decatas, Campio, de que antes e agora pretenden encadrarme, reducirme a unha biografía. Encerrarme. Fun feliz ó meu xeito. Gocei dabondo. Namoreime moitas veces. Facía poesías porque me petaba. Non as corrixía. Algunhas como a do Rial non foron escritas, senón recitadas. Non buscaba sona. Amei e fun amado. Tiven morriña e saudade da miña terra, pero non quixen quedarme nela.

–Farruco, es moi difícil de entender. Algunhas poesías túas pónenme un nó na gorxa, outras encréchanme toda a lanuxe do meu corpo... En cambio, outras danme noxo e moitas nin Deus as comprende.

–Que queres que che diga... Non es galego, non es aldeán, non es de Boel. É poesía etnográfica, inseparábel do cosmos, sexa galego, andaluz, madrileño ou lusitano. Non busques perfección literaria. Procura os sentimentos, as emocións, os estados anímicos.

–De acordo. Pero as contradicións?

–Así eramos os galegos naquela época. Equilibristas. O noso cerne a miúdo estaba oculto. Por riba eu xa fun pura mestizaxe, dende que me arrincaron da aldea e me meteron no seminario. A túa relixión esfareloume e precisei recompoñerme... Agoniaba a inquisición, tiñanlle pánico ó progreso. Fun trampeando como mellor souben. Por outra, por moito que me mitifiquen nunca serei un prototipo abstracto cheo de perfeccións, senón un ser humano construído con contradicións e contrastes, fraquezas e grandezas. Anxos e demos mestúranse na miña personalidade de xeito inextricábel. Agora falla a retranca, os trasacordos, a ironía...

–Boa parte da túa infraestrutura era cristianismo popular galego. Estudas para crego con boas notas e logo para avogado. Non quixeches exercer ningún deses dous choios. Non ten sentido preguntar por que.



Moita xente segue coa teima de encontrar os porqués.

–Grazas, querido Campio. Tantas loas xa me fan desconfiar. ¡Non sei onde me queres levar!

–Calma, non te alporices. Temos tempo para todo. Outro aspecto que me choca das túas poesías é o bucolismo e sosego da vida na aldea. Semellan espazos dunha postal. Podo por o exemplo de "¡Boél!": *...San Orente, Sierra, Entines.../ Y, sobre todo, Boél,/ Son un continuo verjel/ Con sus frondosos confines./ ...<<No se encuentra en todo el mundo/ Un rincón mejor>>*. Semellas un deses señoritos que nunca manchou as mans na terra. Certo que naciches en Boel, pero deseguida ascendiches de clase e nunca máis quixeches volver, non sendo de visita... Que che guste San Ourense enténdoo, pero A Serra?

–Teño un aquel pola parroquia de San Ourense. Dunha banda alí está a Fonte do Rial; singular espazo arcaico inzado de simbolismos. Dende o neolítico había culto a ese manancial. Queda ó pé dun Castro. Ó cristianismo non lle quedou máis remedio que erguer alí un Mosteiro. Doutra, dos amoríos cunha doncela da Seara, aínda vive unha tataraneta. Non leva o meu apelido, pero si os meus xenes poéticos e viaxeiros... Pero, que bo día temos e que ben baixa este viño que xa os teus xefes levaban para Roma.



–Es pego vello... Xa que falas do viño, ¡que ben defendes os teus amores con mozas novas! Refirome a aquela outra, "Amores Viejos":  
*...Que es el amor cual vino generoso,/ Que cuanto más añejo, más sabroso.*

–Pintores e poetas sempre provocamos namoramentos. Sen embargo, cando vas para vello a diferenza de idade é un valado difícil de salvar.

–Encántame como te ris da morte. Xa nas últimas, escribes "A MIÑA ENFERMEDÁ": *Fraco como un asubío,/ Con tres enemigos loito,/ Enfermedá, fame e frío,/ E d'a miña vida o fio/ Vaise adelgazando moito./...*

–Sabía que me ía. Non me gustaba nada. Pero dalgún xeito gañáballe á da gadaña por ter a sorte de ter vivido. Deixei gañar a partida final para que non me amolase moito e me levase axiña.

Ese día 20 de abril de 1878, nun minuto, cando se arrefriou o teu corpo, pasaches da mortalidade á inmortalidade, ó imperecedoiro da túa obra e do teu ser. Iso só ocorre coas persoas singulares coma ti.

–Somos os dous persoeiros máis importantes de todo o concello.

–Basta de andrómenas e loas mutuas....O que dis da virxe do Rial ponme de moi mal leite. Merecias unha pauliña... Non tes dereito a meterte co Papa, cos cregos, coa Igrexa.

–Soségate. Non me fagas sacar cousas peores...

–¿Cres que pode existir algo peor que "La Virgen del Rial"?: *Es la virgen del rial/ una ymagen de madera/ a quien el vulgo venera/ en vez de la orijinal/ ...A quantos Papas a visto/ Roma en inundos placeres/ teniendo varias mujeres/ el vuen bicario de Cristo/ que es echo historico insisto/ mas aquel amor papal/ salio de ijos un caudal/ que siendo bien educados/ fueron despues elevados/ al solio pontifical... por los responsos que haceis/ por la misa y sacramentos/ recibis emolumentos/ que no autoriza la ley/... A la misa aveis fijado/ precio de tantos reales./ No contra la religion/ son dirigidos mis bersos/ estos abusos perbersos/ de ciega supersticion/ cuidemos de la ynstrucion/ que lo demas todo es sueño...* Xa sei que as faltas de ortografía non son túas; son de alguén que escribiu o que recitabas oralmente.

–Como ti ben coñeces, as reformas do Concilio de Trento tardaron séculos en aplicarse a Galicia. Aínda no ano 1843, cando eu tiña 31, o bispado de Ourense viuse na obriga de reeditar as *Constitucións Sinodais* de 1622 para que os cregos fosen quen de observalas. Por exemplo, o título 8 chámase *De filis presbiterorum*: "Los clérigos no tengan en su casa sus hijos hasta que tengan seis años de edad, ni vayan a sus bodas, ni ellos les ayuden á misa....". E o título 2 do libro 3 fala *De cohabitatione clericorum et mulieren*: "Que los clérigos no tengan en su casa mujeres sospechosas. De los amancebamientos con mujeres casadas. Los clérigos no puedan dejar manda a sus concubinas. Que los clérigos no se sirvan de las mujeres que casen". Máis suave é o título 1 no que entre outras cousas di: "Que los clérigos no traigan armas... Que los clérigos no se tomen de vino ni entren en las tabernas... que no sean tratantes... que no se acompañen de mujeres". Xa sei que agora no século XXI ningún crego de Outes comete esas faltas.

–Porco, machista, vello verde, dexenerado, tolo de "Auga Tola"... Non te decatás de que te retratas como un putaño na "Exposición de las putas de Madrid al Gobierno: Dirigida al Marqués de la Vega de Armijo (Ministro da Gobernación) autor de la contribución pesetera y del Concierto Coñístico, y dedicada al Arzobispo de Toledo Fray Ciruelo de la Alameda y Brea": *A las putas de Madrid/ que estamos aquí presentes,/ nos ha venido á las mientes/ defender en buena lid/ sin intriga y sin ardid/ nuestro fuero y libertad,/ que es mucha arbitrariedad/ a pesar de tu alto rango/ estender hasta el fandango/ tu jodida autoridad./ ...Esa gabela fatal/ que impones de una peseta/ és un ataque, puñeta/ a la propiedad coñal./ Si fuera ley general/ que a todas nos comprendiera/ á la casada y soltera,/ á la monja y a la viuda,/ entonces, como pez muda/ la contribución yo diera./ El coño es libre, absoluto/ exento de toda ley/ desde el pastor hasta el rey/ todos le rinden tributo;/ puede á su antojo del fruto/ disponer de su trabajo; así el coño y al carajo/ dijo Dios en el eden/ <<Joded para vuestro bien/ por arriba y por abajo>>... ¡... Cése la*

*persecución/ al triste y manso conejo/ y aquí está nuestro pendejo/ siempre a tu disposición./ Suprime la introducción/ del jodido chirimbolo/ que lo que anhela tan solo/ hoy toda puta española/ és que le quiten la bola/ y que le metan el bolo.*

–Non entendes nada... Chegaches a santo polo burro que es... O de *auga tola*, como nos din ós de Boel, non ten nada que ver coa loucura, senón con tornar a auga. Nin latín sabes. Pero deixando isto a un lado: oíches o que eu ouvín?

–Claro. Ti oes pero non podes ver. Son unha cuadrilla que vén todos os domingos ó Freixo. Están falando case do mesmo que dis ti nesa desafortunada e noxenta poesía. Quéixanse da crise e que sobe o IVE tamén para as rameiras. Tentan adiantar unha viaxe a Logroño coa desculpa de visitar unhas adegas...

–Que depravados! E quen son?

–Xente de agora que ti non coñeces nin vou dicir nomes. Políticos, empresarios... mesmo algún médico.

–Se fosen bos amantes evitarían poesías como unha que ouvín onte. Mulleres maduras cantaban: *"Virxes prudentes fomos/ ata que veu a igualdad/ sacrosantos cornos poñemos/ que nos enchen de felicidad/ Espasmos e bágoas de pracer/ repetidos e anovados estouridos ó serán/ desexadas e amadas ata estremecer/ mentres eles na partida están"*.

\*\*\*

¡Coidado! Non podemos quedarnos co "picante", co "verde", co malfalado, co "sucio". Estamos diante dunha poesía de combate social que denuncia maxistralmente a marxinação e a explotación sexual da muller. É unha sátira quevedesca agudísima. Probabelmente non foi construída para a publicación escrita, senón para circular de man en man e de boca e boca como ocorreu con moitos dos textos de Quevedo. Amosa a gran talla de intelectual cortesán sensíbel a un problema urbano de antes e agora, o da prostitución feminina. Se nos quedamos na moralina fraco favor lle facemos ó noso veciño e ós movementos feministas. A parte cristián, mexa pías, da Xeración Nós actuou inquisitorialmente con algunhas das poesías do de Boel.

Añón é moi complexo. Escribe en moitos "rexistros". Non se pode reducir a unha única e uniforme lectura. Cada composición precisa unha lente distinta para interpretala e contextualizala.

Mellor conservar as partes deslustradas da obra e da vida do noso ilustre Farruco. Lenda, mito e crenza mellor que o logos. É un poeta oral, que toma da cultura popular galega esa oralidade. Son versos musicais. Rima favorábel ó canto. Boa parte dos seus poemas son autobiografía. Preciosas metáforas. Sendo pobre a poesía faíno rico. No imaxinario popular de Outes e bisbarra persisten anécdotas, contos e poesías de Añón que nunca serán escritas; son patrimonio inmaterial.




Añón e Feijoo

## O certame de poesía Francisco Añón

Santi Nieto

Recoñecer aos nosos é de noso, unha parte esencial do que debера ser por natureza e tería que darse en cada territorio. E o noso poeta Añón tivo, dende sempre, atrancos para demostrar que era merecente dos seus logros. Esta máxima, apenas pasaría desapercibida se non fose polo feito de que o acompañou, como unha lousa, ao longo da súa existencia e tamén alén dos seus días. Aínda hoxe, que se celebran os douscentos ano do seu nacemento, loita o poeta de Boel por facerse un oco entre os escritores máis salientables da historia da literatura galega. O certame de poesía Francisco Añón, botou a andar no ano 1997,

foi como se aceptaron traballos escritos en lingua galega como única condición. Pouco a pouco tamén se foron pulindo as bases, intentando facelas o máis equitativas posible para todas as persoas concursantes. Acotando e unificando as categorías por idades, xuntando as que nos ían parecendo máis axeitadas á hora dunha valoración máis ecuaníme entre as persoas participantes. E así se foi deseñando un certame único, dentro do panorama dos concursos de poesía galega, xa que non hai ningún hoxe en día que recolla a participantes de tan amplo abano: escolares dende os seis anos, ata maiores sen límite de



promovido pola concellería de cultura do Concello de Outes. Dende aquela vai deixando a súa estela e afianzándose edición a edición, con algunha que outra conquista que se foi logrando, pero aínda sabedores de que queda moito por facer. Tratábase de crear unha canle dinamizadora que dese pulo a todas aquelas persoas con inquiredanzas na poesía, recoñecendo o seu traballo e visibilizando de cara ao resto da comunidade o seu labor. Nos seus comezos este concurso centrou o seu ámbito de actuación cara a escolares do municipio de Outes pero, xa despois do lanzamento da primeira edición, démonos conta de que era preciso abrirse á comunidade galega sen excepción. E así

idade. Ao recoller traballos de concursantes con idades tan temperás, parecíanos primordial que participasen como membros do xurado aqueles mestres e mestras de ensino primario con inquiredanzas suficientemente amplas no mundo da literatura infantil e xuvenil e capaces de poder avaliar axeitadamente os traballos que se presentaban a concurso. Á marxe de facer un premio de ámbito galego, quixemos que fose tamén ao mesmo tempo, próximo, que a comunidade máis achegada a Outes o sentise como seu, e por ese motivo tamén intentamos, na medida do posible, ir tocando ás persoas máis cercanas á nosa contorna para motivalos a participar como xurado do Francisco Añón. Así



foi como fomos tirando dos equipos de normalización lingüística dos centros escolares que forman parte do *Leixaprén*, dalgúns dos profesores dos Institutos de Educación Secundaria e Bacharelato máis próximos a Outes, etc. Pero non podíamos quedar aí, por iso intentamos diversificar o xurado do premio: persoal profesional de diferentes ámbitos do ensino, autores e autoras da literatura galega, poetas, profesionais da crítica literaria, etc... Poder contar así co maior número de expertos diferentes, que nos poidan dar unha valoración o máis certa posible para premiar os mellores concursantes de cada unha das edicións. Ese é o reto ano tras ano, por iso tamén a nómina de persoas que xa formaron parte do xurado nestas dezaseis edicións levan peso específico dabondo, o cal lle confire un peso especial ao certame. Por citar algúns nomes: Xosé Agrelo, Helena Villar Janeiro, Gloria Sánchez, Ánxela Gracián, Marta Dacosta, Ana Romaní, Xosé Manuel Eiré, Pilar Sampedro, Lupe Gómez, Sabela Álvarez, Paco Souto, Celso Fernández Sanmartín, David Pérez Iglesias, Ramón Blanco, Teresa Seara, Estevo Creus, Martín Veiga, María Lado, Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Armando Requeixo, Concha Blanco, Raquel Miragaia, Baldo Ramos, Antón Riveiro Coello, Antía Otero, Carlos Negro, María Reimóndez, Eduardo Estévez, Paula Carballeira... e un longo etc... As persoas galardoadas nas diferentes edicións fannos sentir orgullosos da creación deste premio que, en principio, naceu como plataforma de lanzamento dos novos e novas poetas, e estámolo logrando ao abeiro dos resultados que imos obtendo nas diferentes edicións do Francisco Añón. Por citar algúns nomes, temos entre a nómina de galardoados do Francisco Añón de poesía, na categoría de maiores de 18 anos a: Modesto Fraga, Xurxo Alonso, Enma Pedreira, Estíbaliz Espinosa, Baldo Ramos, Daniel Salgado, Alba Cid, Antía

Otero, Alberte Momán, Rosa Enríquez, Cristina Ferreiro Real, Pablo Bouza, Marisol Gándara ou Ismael Ramos entre outros. Algúns deles, comezaron no Francisco Añón a abrirse portas no mundo da literatura galega actual e hoxe xa teñen un oco destacado dentro deste panorama. Outros foron presentándose ano a ano e cumprindo expectativas ao ir acadando, certame a certame, éxitos profesionais que afianzan máis e máis o seu nome. Sabedores de que temos moito camiño por percorrer na mellora da organización deste concurso, tamén somos conscientes de que o camiño se fai andando e o paso máis grande que agora queda é fundamental, tratar de que a distribución do premio se poida facer a través dunha editorial que nos asegure que este se poida espallar por todo o territorio, e que quen queira mercar a obra o poida facer doadamente. Artellar unha edición que teña o peso suficiente para que as persoas gañadoras da última categoría se sintan ben recompensadas e que aquelas outras que participan nas categorías inferiores, tamén vexan visibilizado o seu traballo.



Premiados no XV Certame de Poesía  
Francisco Añón. 17 de marzo de 2011



## CURRICULUM VITAE

### **Fálanos da túa experiencia laboral.**

Ao pouco de rematar Filoloxía Galega, no 2002, conseguín traballo na editorial Toxosoutos, inicialmente como tradutor e corrector, mais pronto me especialicei no labor comercial: venda e distribución. Tamén me ocupei da produción editorial. Fixen un pouco de todo. Aprendín moito alí, e coñecín moita xente e moitos lugares. No 2006 comecei a facer substitucións no ensino secundario, como profesor de Lingua Galega e Literatura, e esta é a miña profesión actual, mentres dure. Son interino, polo que sigo a coñecer moita xente e moitos lugares. Gústame moito este traballo, a rapazada éncheme de enerxía.

### **E que nos dis da túa faceta xornalística?**

Ben, iso é unha mestura entre o profesional e o afeccionado, xa que actualmente só escribo unha columna literaria para o suplemento mensual *Artes & Letras Galicia*, do diario ABC. E tamén son redactor desta revista, claro (*sorri*). É difícil vivir do que se escribe.

### **Pero dirixiches ese suplemento...**

Non exactamente, o que facía era coordinalo. Fun quen o puxo en marcha, xunto cun equipo formidábel, e con moitas facilidades por parte da empresa. Coordinei os nove primeiros números, de xaneiro a setembro de 2009. É unha profesión bonita, pero non boto nada de menos estar pendente dos peches de edición. Iso acaba cos nervios do máis forte. Gústame escribir a columna "Flores de papel", que é parecida a un dietario, onde fago da miña vida (fráxil como as flores, como todas as vidas) un relato literario (a maxia do papel que contén a lectura). Cando teño vagar vou publicando estes textos e outros similares no meu blogue ([www.aoutrabanda.blogspot.com](http://www.aoutrabanda.blogspot.com)).

### **E que tal é traballar para Terra de Outes?**

É unha asociación moi unida, o cal explica que leve tendo a mesma directiva, elixida bianualmente, por unanimidade, desde a súa fundación. Ás veces quítame tempo para outras cousas, porque son o secretario e hai que resolver asuntos burocráticos moi aburridos. Tamén cansa bastante corrixir a revista. Pero cando conseguimos facer cousas en Outes sintome moi satisfeito.

### **Xa coñecías o traballo asociativo no Colectivo Sacou.**

Si, aínda que en Sacou era todo máis anárquico, porque eramos moi novos. O que realmente nos interesaba á maioría era escribir e difundir as nosas creacións, pero acabamos converténdonos nunha especie de asociación cultural que conseguiu grandes eventos para Noia. Foi unha feliz coincidencia que nos agrupásenos os bechos raros do instituto; daí saíron algúns dos meus mellores amigos.



## Entrevista a Ramón Blanco

A editorial Galaxia vén de publicar *Vida e obra de Francisco Añón. Antoloxía*, asinada por Ramón Blanco Fernández (Cando, 1979), quen xa nos ten familiarizado coa figura do poeta nos diversos artigos da sección "Os papeis de Añón".

### **Quedaba moito por dicir sobre este home?**

Quedaba moito e aínda queda, pero non é fácil chegar aos datos. A súa vida dispersa tradúcese na dificultade para acceder á documentación. A memoria que hai de Añón é basicamente oral, algo moi evidente aquí en Outes, onde aparece xente debaixo das pedras para contarche cousas del. O problema é que esa non é unha fonte fiable para a investigación. Nin eu son un investigador ao uso, non son moi amigo de queimar as pestanas en recónditos arquivos. Que non se preocupen os estudosos, que non esgotei para nada o tema.

### **E por que non o fixeches?**

Unha, porque a editorial precisaba un libro que fose ameno e divulgativo, sen demasiada erudición, evitando notas a pé de páxina e citas, que se lese como un relato; tratábase de sacrificar o academicismo en beneficio da pedagogía, porque a intención é que esta biografía chegue aos escolares, aos institutos, e a min iso tamén me interesa. Outra, polas limitacións do prazo de entrega, pois tiven que buscar documentos que me faltaban e redactalo en seis meses, sen dedicación a tempo completo. Non tiña previsto escribir agora esta biografía, mais propúxome Xoán Mariño, como comisario do Ano Añón, aproveitando a coincidencia co bicentenario do nacemento. E outra máis, porque tiña o problema das viaxes, xa que unha investigación a fondo requiriría remexer en arquivos de, polo menos, Lisboa, Sevilla e Madrid, onde sabemos que viviu Añón. A miña dispoñibilidade para isto era moi limitada, e sen ningunha garantía de que fose atopar o que non atopara Fernando Bel Ortega. E xa non digamos o gasto de tempo e de cartos que me suporía ter que viaxar a Francia e Italia ou mesmo Inglaterra, tentando seguir algunha pista máis. É certo que hoxe en día as novas tecnoloxías axudan moito a paliar estas dificultades, e servínome bastante delas, mais aínda queda moito material sen dixitalizar nas hemerotecas e confío en que aportará máis luz a algunhas intrincadas suposicións que hoxe son enigmáticas.

### **Por exemplo?**

A participación no levantamento de 1846, o "Himno dos povos", as viaxes por Europa con Mr. Shawford, as imaxes do poeta, a súa vida sentimental e familiar, o labor xornalístico... No libro ocúpome destes asuntos aportando o que puiden averiguar. Moitos misterios da súa biografía quizais morreron cos vellos que sabían cousas nunca escritas.

### **E que novidades aporta a túa biografía en relación ás anteriores?**

Máis ca en novidades penso que o seu valor reside nunha sistematización e actualización dos datos, pois a información que tiñamos de Añón era moi dispersa e contraditoria. Nin sequera as biografías máis ambiciosas se libraban desta eiva. Basicamente fun cotexando a información da tese de Bel Ortega coa doutros autores, con testemuños orais e coas miñas propias descubertas e deducións. Fóronme de moita utilidade as achegas, inéditas, de Gonzalo Navaza. Aínda sendo





interesante, non me serviu de moito o traballo de Xosefina López de Serantes, por tratarse dunha biografía novelada. Digamos que tratei de poñer orde na cronoloxía de Añón e a partir de aí aportar algo. Creo que os potenciais lectores han agradecer isto. Quixen que fose a biografía máis esclarecedora das publicadas. A miña intención é que rematen a lectura cunha visión global que lles axude a entender mellor quen foi e como viviu Francisco Añón. É o mesmo que veño facendo nos artigos que publico na revista *Terra de Outes*, e como tamén fixen cando elaborei a parte biográfica incluída na obra *Francisco Añón: Aproximación Didáctica*.

#### ***Alí estaban os teus primeiros traballos sobre o escritor...***

Si, aínda que xa fixera un estudo na universidade sobre a presenza da sátira e do humor na súa poesía. A curiosidade vénme desde os dezasete anos, cando me premiaron co certame que leva o seu nome no noso concello, e como gratitude destinei parte do premio a mercar o libro de Bel Ortega, pois sabía moi pouco de Añón, só lle escoitara a algunha profesora e mais a meu avó recitar algún poema de memoria. Cando Pilar Sampedro contactou comigo e con Santi Nieto para organizarmos un curso na Serra foi como comecei a traballar máis en serio e axudei a elaborar todo aquel material: a exposición e a súa guía, o roteiro literario, a obra de teatro e a unidade didáctica. Aí foi cando comecei a afondar na vida e obra de Añón, e pouco despois os artigos para esta revista fixéronme manter a constancia. De aí que a maior parte do traballo de documentación xa estivera rematado.

#### ***A nova biografía complétase cunha antoloxía poética. Dá a sensación de que é un escritor moi esquecido.***

Non o é en Outes, e menos no 2012, que celebramos o Ano Añón. Ademais dos cursos e das xornadas que organizou Terra de Outes, o importante congreso na Cidade da Cultura, o pleno da RAG en Outes no día do aniversario, a edición

facsimilar dos seus poemas galegos, as gravacións musicais... poño moita confianza no vídeo documental que transmite precisamente a idea de que Añón está vivo na cultura outense. Cónstame que nas escolas locais o alumnado está familiarizado con el, e este é un gran logro do profesorado, que vén sumarse ao empeño decidido que o Concello e o asociacionismo cultural outense poñen na promoción da nosa maior icona cultural. Mais que non estea esquecido non significa que sexa suficientemente lido; fóra de Outes a cousa aínda empeora, evidentemente. A miña escolma, feita sobre todo segundo criterios estéticos, pretende achegar ao lector curioso a obra dun dos poetas máis interesantes e orixinais do século XIX.

#### ***Tes previsto publicar novos traballos sobre o tema?***

Por agora teño abondo con seguir escribindo "Os papeis de Añón". É necesario facer a tan agardada edición crítica da súa poesía (que ademais remediaría a dificultade vixente para acceder á súa obra completa), mais non me vexo coa suficiente capacidade para acometer a tarefa. Non descarto, nun futuro afastado, publicar unha terceira (e definitiva) biografía.



## **A Poesía**

### **Comezaches a escribir poesía no Colectivo Sacou?**

Non, xa escribía antes. Gañei un segundo premio dos institutos de Noia e mais o do Concello de Outes aos dezasete anos e animeime a tomar en serio a poesía. Cando cheguei ao colectivo comecei a depurar o estilo e incrementar as lecturas. Aprendemos moito uns dos outros e pasámolo moi ben nas xuntanzas dos venres pola noite nas tascas noiesas. Tamén me animou moito Pepe Agrelo, con quen tería a sorte de traballar en Toxosoutos.

### **No 2001 o PEN Clube de Galiza convidoute a participar no World Poetry Day.**

Si, convidáronme a min e a Manuel L. Rodrigues, e de paso enchufamos a todos os sacousos. Alí tivemos ocasión de coñecer a grandes poetas, mesmo premios Nobel, como Derek Walcott e Wole Soyinka. *A Caramuxa*, a revista que nós editabamos, acabou na casa (ou no cubo do lixo) destes escritores, como xa nos acontecera antes con José Saramago.

### **Publicaches o teu primeiro libro de poesía no 2005.**

Xa me publicaran os premios do Certame Francisco Añón, mais si, o primeiro individual, Orfeu en soños, saíu na editorial Toxosoutos. Foi fácil porque traballaba alí; de feito propúxome Manolo "Sementeira", o meu xefe; xuntei varios poemas, a maioría xa publicados n' *A Caramuxa* ou na *Casa da Gramática* (a revista do IES Virxe do Mar, onde estudei). En dúas semanas xa tiña editado un libro sen mentes.

### **Desde aquela non volviches publicar, pero está para saír outro, non?**

Non volví publicar libro, pero acostumo mandar textos, en verso ou en prosa, a onde mos piden. Non teño moita présa, porque lle perdo gusto ao que escribo con moita facilidade. Son tan perfeccionista que xa non levo conta das veces que reescribín e corrixin a nova obra. Fixen correccións até o mesmo día que foi para a imprenta.

### **Como se vai titular?**

*Emily on the road*. Quitando o título, todo está en galego (ri).

### **Quen cho edita?**


Acha Escrava, unha editora noiesa.

### **E, aínda que non sexa unha novela, podes adiantarnos o contido?**

En realidade ten moito que ver cunha novela, xa que se trata dun extenso poema narrativo. Pretendín que fose unha reflexión poética sobre a morte, a escritura, a loucura, a noite... Igual complico máis a explicación, pero é unha mestura de *road movie* e enterro de aldea que transcorren nunha noite que parece eterna.

### **Estás a traballar xa nalgo novo?**

Estou, mais non exactamente poemas, pois acostumo facelos por rachas. Comecei con *Redeiros*, un libro-río. E teño varios contos proxectados. Estarei atento por se escoito a chamada salvaxe da poesía.



## É de Lei

*Estamos acabando este ano 2012, tan singular para todos, ao longo do cal se renderon multitude de homenaxes, celebráronse actos e conferencias (e o que aínda queda ata a súa conclusión definitiva), en honor da figura do noso insigne Poeta Francisco Añón Paz.*

*Entendemos máis que oportuno facer unha pequena alusión dende este espazo, a maioría das veces tan crítico, e coa mesma poñer en valor todo ese esforzo acadado por parte das institucións, empezando polo Concello, seguido polos diversos colectivos e asociacións (que son moitas), que foron capaces de aunar vontade e esforzo para, como consecuencia de todo iso, obter sen dúbida, e dentro das posibilidades, o ben común: neste caso louvar a persoa e traxectoria do noso Poeta. Habería que reseñar tamén o esforzo e dedicación do persoal máis implicado co proxecto.*

*Agora ben... por outro lado, é unha tristura que aínda non teñamos unha "Casa Museo", ben merecida, pois outros concellos con moito menos, xa ves!: alegría, alegría!!... E que dicir da esquecida e camuflada Fonte de Añón?, que xa un non sabe se está no sitio ou non; calquera día!!... E o Muíño de Añón, tan vítima dos grafiteiros locais "ignorantes", que nunca lles dixeron que a pedra non se pinta!!, que hai que ser ignorantiños... Despois falan de sub-culturas... Que carallo dis?... Sub... que?... Deixa andar!!...*

*En fin, non fagamos disto unha traxedia, pero todos coincidiremos en que "todo" é mellorable, e só fai falta un pequeno esforzo entre todos... "Todos"...*

*Lusco e Fusco*

## Así NON



Monumento: Case sobran eses ferros amarelos...  
Pide algo máis ornamental e seguro!!

## Así TAMPOUCO



Fonte:  
A eterna e esquecida...  
e seca de espírito  
e beleza.

## NIN DE COÑA



Casa: Unha tristura de abandono. Vítima da máis caótica ignorancia.





## A enfermidade e morte de Francisco Añón

Dr. José Mª Dios Díz

### A miña enfermidade

Fraco como un asubío,  
Con tres enemigos loito,  
Enfermedá, fame e frío,  
E d'a miña vida o fio  
Vaise adelgazando moito.

Dimpois de fortes dolores,  
Tuvén derrames de bñis  
Con revolucion d'humores;  
Pero os demos d'os doctores  
Non tñn dado c'o busñlis.

Consultey con un franchute,  
Que de paso estaba aquí,  
E díjome: mon ami,  
Vous vous guerirez sans doute;  
Mais faut il prendre ceci.

E espetoume tres recetas  
Que custaban seis pesetas;  
Pero como non as tiña  
Sigüeu d'o mal a morriña  
Que s'encruou co'as dietas.

Tñnme outro italiano visto,  
E exclamou: ¡Cappo di Cristo!  
Lei ha d'orango la faccia  
Malatía cativaccia;  
Ma io vengo provisto.

E tirou d'a faltriqueira  
Un-a bonita carteira,  
Qu'era a sua gran farmacia;  
Ponderou sobremaneira  
D'os grauíños a eficacia.

Engulín homeopatía  
Con pouca fé e esperanza:  
Mais encontrey certo día  
Á un médico de Braganza  
Que d'antigo conocía.

E deijey ò italiano  
Po-l'o doctor lusitano...  
-¡Diabo! ¡Como está amarelo!  
Dijo rindo o Señor Melo,  
Que é un portugues campechano.

-¡Pois, meu caro amigo, eu  
hacho  
Que d'esta s'escapará;  
Mas de manhan tomará  
Raiz de carqueija macho  
Con seis chavenas de chá.

Á o herbolario Garduña  
Pedínlle: macho carquesia...  
Entre dentes refunfuña  
E por pouco m'esgaduña  
Se non entro n'un-a iglesia,

Díjome o tío Cucaña:  
O papel Fayard non daña...  
¿Porqué non se serve d'él?  
-S'hey de curar con papel  
Será d'o Banco d'España.

De duros un-a poutada  
Podrá curarme a hepatítis,  
Enfermedá condenada,  
Cando vñn acompañada  
D'un-a gran sindineritis.

Francisco Añón Paz. Madrid, 1878

Como escribe Victorino Novo y García, o Poeta Añón morre dunha “*Hepatitis Crónica que enxendrou a Ascite*”. Isto significa que é unha enfermidade inflamatoria que afecta o fígado. A causa pode ser infecciosa (viral, bacteriana, etc.), inmunitaria, ou tóxica (por exemplo por alcohol, venenos ou fármacos). Hai virus específicos para a hepatitis (virus A, B, C,

D, E, F, G). Os máis importantes son o A, B e C. A Hepatitis A: transmítese polo contacto con deposicións doutro enfermo, por falta de hixiene no fogar ou ben polo consumo de alimentos contaminados e deficientemente lavados (como verduras regadas con augas non tratadas ou en contacto con vectores, como moscas ou cascudas).

A “Ascite” é a presenza de líquido seroso no espazo que existe no peritoneo (membrana que envolve a maior parte dos órganos do abdome).

Os síntomas da Hepatitis, son: astenia (sensación xeralizada de cansanzo, fatiga e debilidade física e psíquica, anorexia e falta de concentración). Artralxias (dor de articulacións), mialxias (dores musculares), cefaleas e fotofobia. Febrícula ou non. Ás veces, pode desencadear febre de 39 °C con calafríos. Náuseas e vómitos. Farinxite, tose. Ós 5-7 días: ictericia (“está amarelo”: coloración amarelada da pel e mucosas, debida a un aumento da bilirrubina (valores normais de 0,3 a 1 mg/dl) que se acumula nos tecidos, sobre todo no padal e na conxuntiva). Faise clinicamente evidente, cando a bilirrubina é maior de 2 mg/dl. Ouriña escura. As feces tinxidas ou decoloradas. Proído (picazón). O tratamento principal é o dos síntomas que ten o paciente.

En realidade, morre de “fame e frío”, ausente da súa patria. Morre no Hospital de la Princesa, en Madrid, onde buscou alimento, abrigo e saúde. Foi soterrado nunha sepultura común e os seus restos están perdidos.

“O mal de ausencia” ou a “morriña”, describe un sentimento que se refire especialmente á añoranza da terra onde procede un. Este sentimento, acompañou a Añón toda a súa vida.

“Fraco como un asubío”, indícanos perfectamente o estado físico que xera o non ter unha alimentación axeitada e padecer unha enfermidade, que se podería curar tendo os medios adecuados.

O “Derrame de bñis”, en alusión á bile, unha substancia líquida verde e de sabor amargo producida polo fígado, e que nos períodos interdixestivos se almacena na vesícula biliar, e libérase o duodeno tras a inxesta de alimentos. Con “revolución de humores”: refírese ós líquidos do interior do organismo, que están descompensados, por mor da enfermidade.

“Non tñn dado c'o Busñlis”, indícanos a dificultade en encontrar a causa do seu mal.

“Sin dineritis”, de non padecela tería solución a enfermidade do poeta, pero para a súa desgraza e a de Galicia, non tivo os medios para poder resolver unha situación dramática.

Como escribiu Ramón Cabanillas na poesía “Irmá Daniel!!! na morte de Castelao”:

¡Morreu do mal dos bós e xenerosos!

¡Morreu de amor a Terra!

**JOSEMA**  
Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2  
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20  
E-mail : segurosjosema@terra.es

## A Terra: rico e prezado tesouro

Paz González

Añón, no seu poema “Himno á agricultura”, fai unha fermosa homenaxe ás xentes que traballan o campo por consideralas o sostén do mundo: “*Por vós comen cidades e vilas / Que sería do mundo sen vós?*”, dilles. Pero vai máis alá: lémbra-nos a importancia da terra para a nosa supervivencia. Dela di que baixo a súa tona esconde “*Un tan rico e prezado tesouro / Que val máis que a prata e o ouro / Porque a nosa ventura alí está*”, entendendo que dela podemos obter todos os recursos que necesitamos para vivir ou, usando as súas palabras, para cumprir os nosos antollos. Quizais Añón con “antollos” se referira ao que daquela se obtiña da terra: ricos manxares, fibras para tecer vestidos, leña para cocinar e quecerse, remedios para as enfermidades, materiais para construír as vivendas e mobles... e unha morea de sensacións e vivencias inesquecibles. A súa poesía está chea de pinceladas que debuxan eses momentos prateiros con que nos agasalla a terra. Lendo o seu poema “Recordos da infancia”, podémolo imaxinar cos outros rapaces e rapazas da aldea subindo ao monte coas ovelas, escorrentando laveras, recollendo arrecendentes flores para facer ramos e tecer guirnaladas, patuxando e pescando troitas nos ríos, buscando moras e niños... e descubrindo o amor entre xogos de nenos. Inocentes antollos ben doados de satisfacer! O que quizais non podía imaxinar Añón é que os nosos antollos medraron exponencialmente desde entón e a terra comeza a queixarse ao sentirse asoballada. Hoxe en día, a terra debe tamén proporcionarnos a inxente cantidade de enerxía que consumimos -as máis das veces irresponsablemente- e desfacerse da tamén inxente cantidade de residuos que xeramos. Tanto é así que se cuantificamos os nosos antollos e os comparamos coa cantidade de recursos de que dispón a terra para satisfacelos, a conta non sae: queremos máis do que a terra nos pode dar. Para facer esta comparación, emprégase un indicador ambiental global denominado **pegada ecolóxica** que, aínda que difícil de cuantificar con rigor científico, permite estimar a saúde ambiental da terra e as posibles actuacións para melloralas. A pegada ecolóxica defínese como a superficie de terra fértil -incluídos mares e océanos- necesaria para aportarnos todos os recursos que precisamos e para absorber todos os residuos que xeramos, incluíndo explicitamente o dióxido de carbono emitido na combustión dos combustíbeis fósiles, que son actualmente a nosa principal fonte enerxética. O papel relevante do dióxido de carbono na pegada ecolóxica débese a que o único xeito que temos de desfacermos del é mediante a actividade fotosintética dos vexetais e o fitoplancto. Se se rompe o equilibrio entre o dióxido de carbono emitido e o absorbido -como acontece na actualidade-, acumúlase na atmosfera incrementando o efecto invernadoiro, do que é o principal responsable, e producindo, en consecuencia, o cambio climático que xa ninguén parece cuestionar. A pegada ecolóxica compárase coa **capacidade ecolóxica** da terra, que se define como a superficie fértil -incluídos tamén mares e océanos- da que dispoñemos. É doado decatarse de que se a primeira supera a segunda, algo vai mal. Nos últimos anos, o incremento da pegada ecolóxica foi tal que xa superou con moito a capacidade ecolóxica da terra. Tal como se pode observar na gráfica que representa a evolución da pegada ecolóxica no período 1961-2006 (expresada en número de terras), necesitaríamos o equivalente a outro medio planeta para satisfacer os nosos “antollos”. Posto que o compoñente da pegada ecolóxica que máis aumentou nese período, como se pode observar tamén na gráfica (ver páx. seguinte), é o debido ao dióxido de carbono que emitimos, podemos facilmente determinar quen é o causante do mal e, se queremos, buscar a cura para a enfermidade. Lembra Añón no poema “Himno á agricultura” que Deus lles dixo aos nosos primeiros avós: “*Inmortais*

*seredes na terra*”, pero que eles “*Lambricaron da froita vedada, / E perderon tan rica morada*”. Quizais esteamos outra vez a piques de perder a inmortalidade (non do individuo mais si da especie); esta vez non por comer figo ou mazá -dúbida que Añón non puido resolver- senón por pensar que podemos vivir á marxe da terra e solventar todos os problemas coa nosa intelixencia superior. E outra vez, coma daquela, non nos queda máis remedio que traballar “*con firme constancia*” para recuperala. Non parece, porén, que os dirixentes do mundo estean polo labor. Mais non podemos eludir a nosa responsabilidade: nós os eliximos e eliximos tamén, en certa medida, o noso xeito de vida. Cada quen que pense como pode contribuír a diminuír a súa pegada ecolóxica, mentres esperamos e traballamos por un cambio máis global.

### HIMNO Á AGRICULTURA (Dedicado ó meu amigo J.M.P.) -Coro-

Traballade, rapaces e nenas  
Para vos o proveito ha de ser,  
Tra-l'os días de rudas faenas  
Virán noites de folga e placer.

Cando Dios este noso planeta  
Po-l' o espazo guindou entre soles,  
N'un jardín d'arboredas e froles  
Pujo á nosos primeiros abós.

E-lles dijo: vivide felices  
Entre jogos d'amor e caricias:  
Vos farede-l'as miñas delicias  
E as vosas si fôredes bos.

Inmortais seredes n'a terra  
Como os genios que están alá arriba;  
E comer certa fruta lles priva  
Que non sey s'era figo ou mazan.

Por aqueles pomares frondosos  
(En coirños por falta de jastres)  
Sin coidar en futuros desastres,  
Rebuldaban de tarde e mañan.

Hastra os ángeles tiñan envidia,  
Atisbando d'a célica altura,  
Tanto encanto, pracer e ventura,  
Q'encerraba aquel mágico Eden.

Mais un día ¡funesto capricho!  
Lambricaron d'a froita vedada,  
E perderon tan rica morada,  
A inocencia perderon tamen.

¡Ay! a terra que d'antes mimosa  
De seus amos cumprira os antojos  
Sólo cardos, espiños e tojos  
Lles ofrece... ¡desgracia fatal!!...

Mais d'o home n'o espírito arteiro  
Un-a idea feliz remoiña,  
Que é facer d'esta terra mezquiña  
Outro Eden positivo e real.

D'o chan virge a cuberta rachando,  
A montós brotará d'o seu seo  
Canto abonde p'ra o noso recreo,  
Para noso regalo e pracer.

Desmontemos as verdes ladeiras,  
Cultivemos os vales e montes,  
Que orballando de ríos e fontes  
En fartura nos han de manter.

Baixo a tona d'a terra s'esconde  
Un tan rico e preciado tesouro,  
Que val mais que a prata e o ouro,  
Porque a nosa ventura alí está.

Traballemos con firme constancia;  
O traballo é a alma d'o mundo;  
É o sopro d'a vida fecundo,  
Que solaz e virtudes nos dá.

Nojo inspiran n'as grandes cidades  
Ledos bailes de libres escenas;  
Valen mais as campestres faenas  
Que respiran pureza e candor.

Os trafegos d'o campo acabados  
D'a restreba, d'a esfolia ou d'a malla...  
¡Como é grato enredar entr'a palla  
Suspirando cantares d'amor!...

Canto e doce n'as noites d'inverno  
A o calor d'os tizós d'a lareira,  
Escoitar d'a jovial fiandeira  
A sentida cancion popular!...

Ou pendente d'os labios d'un véllo  
Admirar as guerreiras fazañas,  
E brindar á o compas d'as castañas  
Que n'as brasas estoupan d'o lar!...

Pastorciños d'as verdes montañas,  
Labradores d'as veigas tranquilas,  
Por vos comen cidades e vilas...  
¡Que sería d'o mundo sin vos?

Cando o homee o chan s'emancipen  
Desde a serra hasta o valle profundo,  
Vos serede-l'os donos d'o mundo  
Como noso primeiros abós.

Madrid, 23 Septiembre 1873



## Ao Poeta Añón

Deolinda Gómez Molinos

Ao cumprirse o bicentenario do noso poeta Francisco Añón, pareceume que non estaría mal lembrar unha anécdota que, como a vivín eu, puidese redactala, facendo diso un pequeno recordo ao poeta. Ao pouco tempo de ser inaugurado o monumento a Añón, encima das escaleiras que levan á praza, co seu busto e as dúas figuras de pedra de dous galegos a ambos os dous lados, estando eu no meu posto de traballo, vin unha “señoriña”, paisana nosa, entrada en anos, que, situándose de pé, enfronte ao monumento, se persigna e permanece así un bo intre. Eu seguía fixándome nela e cando vin que volvía persignarse e apoiar o seu xeonllo en terra, achegueime e díxenlle: -Ola! Que é o que está facendo? -Pois nada, veño rezarlle ao santo e de paso tamén lles rezo aos pais. A miña sorpresa foi grande coa súa resposta. -Eu penso -díxenlle- que seguro que santo non é, pero un home de ben, seguro, e ademais paisano da nosa terra, á que el seguro levou fóra no seu corazón e recordou e cantou nos seus poemas, como aquel que empeza así: “Boel, deliciosa aldea...” Cantas veces en soños vería esta nosa terra; non sei que tes que envolves, Terra de Outes. Es a nai que perdemos, es o mimo dun neno, es Ti e querémoste, querémoste como es.

### No bicentenario do Poeta Añón

Versos de pálida gloria faría,  
para o poeta da lira de prata,  
este que escribe, mais nunca remata,  
vidas de Añón (que ninguén as lería).

Mais unha noite pensou que daría  
algo de lástima, cerca da data  
bicentenaria, se alguén se decata  
de que faltaba da súa autoría

un poemiña sinxelo, sensíbel,  
para o bohemio da doce memoria  
(a poder ser que non fose terríbel).

Fixo un soneto; a estrofa accesoria,  
por inexperto, quedou inservíbel  
e xa non puido seguir esta historia.

*El non responde por casos perdidos  
mais aconsella aos lectores sufridos:  
pídanlles contas aos desta revista  
se ao ler o texto padecen da vista.*


Cando, 14 de setembro '12

Ramón Blanco

## A SACHADORA

textos: Manolo Lores

dibuxos: X. Mariño



**Nota:** O grosor da franxa de cada cor representa a contribución á pegada ecolóxica de cada actividade nun determinado momento. Pódese observar que a franxa que máis aumenta de grosor é a correspondente ás emisións de CO<sub>2</sub>.

Salón:

**EMAIN**  
**Perruqueiros**

Home-Muller

Rúa Brasil, 8 - (Baixo) - NOIA

Tel. 981 82 40 14

## HOXE NESTA BISBARRA

Dous compañeiros meus, os dous outenses,  
pedíronme fai días que fixera  
unha presa de versos pra ser ditos  
nesta louvada data eiquí na Serra.

Eu, que nunca neguei a miña axuda  
pra gabar ós bons fillos de esta terra,  
carguei, mal como poden, cō traballo  
de tragner neste día a miña pedra.  
Vale pouco a probiña,  
pois non as ten millores a canteira!  
Non esperés que sexa a máis brillante,  
moito menos que sexa a millor feita;  
mais podedes ter todos por seguro  
que ela trai o calor da faltriqueira,  
deste peto que teño eiquí no peito  
preto do curazón, vén envolvementa  
na meirande ledicia que hoxe estoupa  
dentro da miña ialma de poeta.

Hoxe nesta bisbarra  
todo viste de festa:  
rinse os froilidos cómaros,  
a bris ten máis esencea;  
a lus do sol é outra  
i hastra as mesmas labercas  
erguéronse máis cedo  
e peneiran as ás de outra maneira.

No meu peito choutando de ledicia  
leva o meu curazón a lus acesa  
dunha doce ilusión de moitos anos...

Quero ver eu moi cerca  
de todos nós as somas benamadas  
de Pondal, de Noriega,  
de Curros, Alvaríño,  
e a Santa Rosalía... a nosa meiga...  
cantora, en compañía de outros moitos  
fillos sonados desta nosa terra.

Seus espritos inquedos  
paresce que nos rin e nos alentan  
pra seguir pola estrada escomenzada  
camiñando con recho paso, á veira  
de todos os que en vida nos deixaron  
o vieiro tracexado dunha reita.

Un deles foi Añón,  
noso irmán das guedellas:  
o dos cabelos longos e moi crechos  
que os pelos dun león mesmo semellan.

Morto fai moito tempo  
naide se lembrou del cando deberan,  
mais hoxe, por fortuna, a súa vila  
seu recordo inmorrente eiquí festexa.  
Que Deus premie ós homiños escolleitos,  
ventureiros autores desta idea!

Que fuches ti na vida, malpocado?  
Anduriña viaxeira  
a quen os sinvergonzas dos pardales  
botan do niño sin que mal fixeras.  
Alonxáronte os homes que mandaban  
dos teus eidos, Añón, sin que tiveras  
cousa que te luxase; foi tan soilo  
porque eras ti quen eras

UN GALEGO ESCORREITO  
CUNHA IALMA MOI BOA E MOI SINCEIRA!

Neste Boel nascido,  
no curazón da Serra  
tiveches que fuxir deica o veciño  
Portugal... Con que pena  
deixarías a casa tan querida  
i este meigo curruncha, no que as leiras  
son anacos do mesmo paradiso,  
onde medran a feixes, nas ladeiras  
dos seus montes, as froles máis fermosas  
no meio das silveiras.  
No que o mar, cobizoso de bical-o  
mete os beizos ó longo da ribeira  
pra despois de bicar a túa vila  
non marchar nunca máis da túa veira.

Pelengrino do mundo, viches Francia,  
Italia, Inglaterra...  
Pasaches moitas, moitas,  
e morriches de fame unha calquera  
tarde do mes de abril, abandonado,  
no Hospital da Princesa.  
Teu corpo amortaxado con dozura,  
foi por mans cariñentas  
levado deica o santo cimiterio  
madrileño do Sur; en el aberta  
tiñan xa a túa coba pra deixarte  
perdido aló pra sempre...

¡Ai, quen nos dera

tragner as túas cinzas  
deica esta nosa terra  
pola que tanto ti, Añón, choraches,  
e na que ti quixeras  
o derradeiro sono  
dormir pra sempre nela!  
Mais si esto n'é posibre,  
teremos, cando menos, sempre ergueita,  
como un fito chantado, a túa imaxen  
no campo das concencias.

Por eso na bisbarra dendes de hoxe  
todo fala de festa:  
rinse os froilidos cómaros,  
a bris ten máis esencea,  
a lus do sol é outra  
i hastra as mesmas labercas  
erguéronse máis cedo  
e peneiran as ás de outra maneira.

José Fernández da Ponte

En *Latexos*, Ediciones Celta (Lugo, 1979)  
(Lida polo autor na Serra de Outes, o 17  
de maio do 1966, Día das Letras Galegas)



POESÍA DO POETA AÑÓN  
TRANSMITIDA ORALMENTE POLO  
MEU TATARAVÓ, INOCENTE ABELLEIRA AÑÓN,  
FILLO DE VICENTA AÑÓN.

**Pablo Nieto Abelleira**

Encoméndasme sobriño,  
un mozo cunhas flores,  
coas ninfas dos seus amores  
fan inchar o meu demoniño,  
dunha xa tivo un meniño,  
doutra púxelle o mantelo  
por diante e non por atrás,  
mira que o tal rapaz  
é peor que un can rabelo.

Abandonou a primeira  
por outros amores novos  
e cando ésta choca os ovos  
quérese casar ca terceira;  
Pepas, Farrucas, Antonias  
hanlle de por demanda,  
se o goberno non o manda  
para poblar as colonias.

Así poderá tomar  
ese serrallo da aldea  
a que lle viñera á idea  
e levala ó altar,  
de razón non lle han de dar,  
anque a teña un gallispo,  
bota San Crispo,  
ata empreñar o abade,  
provisor e arcebispo.

Eu non me meto nesas  
mal faladas bodas,  
por min que as encinte a todas  
ata encintar caracoles  
xa co demo lle dou arte  
para lle inchar os foles,  
con esa outra meniña,  
por un puño de fariña  
non quedan as papas moles.

COMPOSICIÓN POÉTICA DE  
INOCENTE ABELLEIRA AÑÓN (MEU TATARAVÓ).  
BERRES, 01 DE DECEMBRO DE 1949.

**Pablo Nieto Abelleira**

Por despedida do ano  
25 de Novembro,  
eu Sr. Don Vicente  
caín das escaleiras abaixo,  
quedei coxo para sempre.

Eu borracho non estaba  
que aínda non probrara o viño  
mais o caer da cancallas  
berrei coma un rapaciño.

Aquel día señalado,  
día triste para min  
demonios e espíritus malos  
viñeron a pé de min.

Aqueles espíritus malignos  
que estaban alí continuo  
colleron o Santo Cristo da morte  
e metéronmo no bolsillo.

Santa Comba, San Silvestre,  
Santa Rosa e San Martín  
viñeron a pé de min  
todos cheiños de pena  
falaron coa Magdalena  
e todos cinco en novena  
pediron a Deus por min.

Eu tamen mal como poden  
que era moi mala hora  
collín o Cristo dos vivos  
tirei co da morte fóra.

O destino me convida  
e non podo traballar  
paso o resto da vida  
cos netos o pé do lar.

#### NOTA

Os presentes poemas, dos que un pasa por ser de Añón, transmitidos oralmente polos seus familiares de xeración en xeración, foron cedidos xentilmente pola Asociación de Pais e Nais do Colexio da Serra de Outes, que os publicou por vez primeira na súa revista *Contos do Tines* no ano 2011.



**Depuradora de Mariscos**

**RAMAIS**

**Fco. Rama Vázquez**

**O Freixo - OUTES**

**Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92**

# Notas musicais

Do re mi  
sol la si  
canta para min  
canta para ti

Do re mi  
sol la si  
no xardín  
o colibri


Do re mi  
sol la si  
corre o caracol  
cara o sol

Do re mi  
sol la si  
corre o gato  
detrás do rato

Do re mi  
sol la si  
canta para min  
canta para ti

Noelia Blanco Cao

Este poema, titulado "**Notas musicais**" e ilustrado pola súa propia autora, Noelia Blanco Cao, de oito anos, natural de Mesía (A Coruña) e estudante de 4º de Primaria no CEIP de Xanceda, foi premiado cun accésit na súa categoría no certame de poesía F. Añón que se celebrou no ano 2010 e publicado polo Concello de Outes, pero sen as fermosas pinturas que o acompañaban, xunto ao resto dos poemas galardoados naquela ocasión no libro XIV Certame Francisco Añón de poesía no ano 2011.





**Ao Poeta Añón**

Sentimentos que recorren a miña mente  
Remóntanse a tempos xa pasados,  
Recóllense e encollen e logo saen.

Es ti, terra querida, a que sempre me guía,  
me reconquista, a que sempre está na miña vida.

Rápida como o vento voas  
e da alta paisaxe miras ao fondo  
onde renace a terra.

Amo os teus montes e ríos,  
os teus recunchos, as túas caricias,  
que son as miñas.

De ti cantou o poeta, o noso que foi, Añón,  
o bonito da paisaxe, a añoranza afastada,  
o canto dun paxaro.

Oh se puidese darlle a man  
e coñecelo en vida,  
cantas cousas aprendería de ti,  
paisano insigne e querido.

Ti, coma nós xogando de neno  
no río, con estornelas feitas  
de madeira de piñeiro.

Ti, tocando coa túa man o chan  
e tamén cos teus suspiros.

Es como alma crecida,  
que como tantos outenses da vida,  
marchaches da nosa terra  
coa soa esperanza dun día.

**Deolinda Gómez Molinos**

**Que dirán?**

*(Letra dunha canción adicada ao Poeta Añón, 2012)*

Que dirían hoxe os Rumorosos nun día tan sinalado,  
douscentos anos van dende que fuches nado.  
Rexurdindo da memoria colectiva dos outenses,  
orgullosos todos de ti, poeta da lingua nai... mais

Que dirán, que dirán, que dirán, que non saibamos xa, que dirán...?

Nunca esquecido Boel recuncho do teu lecer,  
retrataches coma ninguén, ese palpito e bo facer.  
Elevaches a outra dimensión a nosa lingua,  
Galicia, ringlón a ringlón, que dirán... mais

Que dirán, que dirán, que dirán, que non saibamos xa, que dirán...?

Soubemos ler en ti a tristura esquecida,  
errante, malferida, das xentes de ben.  
Mais levas no teu peito a liberdade dos tempos,  
dor e sufrimentos dun pobo loitador... mais

Que dirán, que dirán, que dirán, que non saibamos xa, que dirán...?

Xa fraqueiro de saúde en antros de mala morte  
resolviches crucigramas, de abandono pola sorte.  
Entre silencios sibaritas e miserias colectivas,  
soidades redentoras que te insultan con ledicias... mais

Que dirán, que dirán, que dirán, que non saibamos xa, que dirán...?

Que dirían hoxe os Rumorosos da túa sorte espida,  
da Lira encantada, da miúda brisa que te enfría,  
polos camiños da memoria de paso lento e ben rimado,  
as mesmas portas do Olimpo deste porvir de silencio amargo... mais

Que dirán, que dirán, que dirán, que non saibamos xa, que dirán...?

A débeda será para sempre pois soubeches enfiar,  
letriña a lettriña, para á fin expresar...  
as penurias e amorións que lle tiñas ao terriño,  
sen esquecer os amigos e a calor do noso lar.

Mais non serás, non serás, non serás...  
esquecido das memorias do lugar...  
e verás, e verás, e verás, como acabas tendo o teu sitio  
a carón do Solpor.

**Xastre**

**xoga á**  
**LOTERÍA DO NADAL**  
**con**



**Adquire a túa participación do número**

**23.573**

**Na Serra en Café-Bar Tines,**  
**Cervexería O Anexo, Café-Bar Fraos,**  
**Mesón O Portelo, Kiosko Vicente e Pizzería Areal;**  
**no Cruceiro en Café-Bar Alfí;**  
**no Freixo en Mariscos Ramais;**  
**e en Noia en Perruquería Emain e Kiosko Maruxa**

## Añón consagrado po lo Parnaso

Deidades do Pindo  
da pedra encantada  
as nove en manada  
vaixano correndo  
e chegan tañendo,  
oise en cercanía  
doce melodía  
de gaita e de lira;  
o vale as inspira,  
se ven co lunar  
no Tines danzar,  
xa están no regueiro  
onde o aventureiro  
nas noites de luna  
andaba de tuna  
mollando o magosto  
co da terra, mosto,  
e, acompañadiño  
de Minga, no muiño,  
pernoutaban xuntos  
por medo os defuntos.  
E da tranxideira  
sentía a muiñeira;  
da auga o murmullo  
e o plácido arrullo  
do axil paxariño  
que arrondea o niño.  
Cas musas soñou  
e as acariciou,  
foi neste regueiro  
ond' as veu primeiro.  
E oxe en nome d'Arte  
veñen tomar parte  
do homenaxe xusto  
erixindo un busto.  
Patrio monumento  
que entregan o tempo.  
Traen do regueiro  
ramas de loureiro,  
tamén traen froles  
con todos primores  
para o coroar  
e o busto bicar  
do seu proteutor:  
quizá o millor  
para as musas nosas;  
ben merece rosas:

por elas bregou,  
por elas marchou  
po lo mundo en xira  
co a galega lira  
ca que defendeu  
o chan onde naceu,  
rimando a Galicia  
pedía xusticia  
para a abandonada,  
por él sempre amada,  
desde que naceu  
hastra que morreu.  
As artistas nosas  
cubertas de rosas  
chegan o destino,  
paraxe divino  
d'un rincón da mar,  
ven a tributar  
o vate da terra  
na ponte da Serra,  
o Virxilio noso  
que na Vila do Oso  
andou na Compañía  
con crosa de palla  
e a Curros un día  
serveulle de guía  
para iren a Roma,  
sempre en tren de broma.  
Da estatua, a presenza  
fanlle a reverencia  
e a coroación  
a Farruco Añón,  
boelo estudante  
trovador errante  
que ostentou o blasón  
con esta inscrición:  
"Po lo mundo adiante  
vou, por amor o arte".  
E, de fame e frío,  
cortoulle o fío  
aló por Madrí,  
e renace aquí  
forte e bronceado;  
xa está consagrado.  
Si as xeneracións  
siguen tradicións  
será perpetuado.

### Domingo Sendón Rodríguez

Datado o 31 de decembro de 1966, ano no que Añón fora honrado co Día das Letras Galegas. Sendón recolleuno no seu libro de poemas *De Outes a San Telmo* (Buenos Aires, 1993).

## LECTURAS RECOMENDADAS

### VIDA E OBRA DE FRANCISCO AÑÓN. ANTOLOXÍA

EDITORIAL GALAXIA  
Xullo 2012



Co gallo dos 200 anos do nacemento do poeta outense Francisco Añón, vén de saír á luz o libro que hoxe recomendo, do autor, tamén outense, Ramón Blanco. Consta de dúas partes: a primeira é unha biografía do poeta e a segunda unha antoloxía da súa obra.

A parte biográfica é un estudo preciso e detallado tanto da vida do vate como da súa obra. Comezando cunha pequena introdución na que o autor declara "...a necesidade de manter viva a memoria de Añón, até agora infravalorado", o libro está estruturado en 15 capítulos que nos invitan a coñecer unha vida intensa e que nos descubren ao poeta que vive unha época política e socialmente convulsa e que será determinante na súa obra. Esta vida chea de cambios convérteno nun "aventureiro", como así o define Ramón Blanco. A través deste libro, viaxamos con Añón dende Boel a Santiago, de Santiago a Lisboa, de Lisboa a Francia e Italia acompañando a un Lord inglés, a Sevilla (onde foi profesor de idiomas), a Madrid, de volta a Lisboa e retorno a Galiza, para partir definitivamente a Madrid, onde morre o 20 de Abril de 1878.

Ramón Blanco apunta a continuas referencias históricas, para facilitar a comprensión da biografía. Entendemos mellor a obra de Añón cando coñecemos "O levantamento de 1846", os sucesos de 1866 baixo a raíña Isabel II con Narváez gobernando con man dura e represora, "A Revolución de 1868", a época comprendida entre 1868 e 1874 (coñecida como "sexenio democrático", onde en 1873 se proclama a 1ª República), ou a súa relación coa masonería.

En canto á obra literaria, da man de Ramón Blanco coñecemos todas as variedades poéticas que usa Añón: églogas, epigramas e epitafios, acrósticos, himnos e odas..., onde constatamos a importancia do humor e a sátira nos seus versos, así como as características literarias propias do romanticismo principalmente, pero tamén do realismo e mesmo do clasicismo.

Xa na breve introdución do libro, menciona o autor a importancia de que Añón usara a lingua galega na poesía de mediados do século XIX, considerándoo precursor do Rexurdimento: "...o feito de usar o galego xa se erixe nunha actitude de compromiso".

Este compromiso e uso do galego queda patente no moi interesante capítulo titulado "Xogos Florais e Album de la Caridad". Ramón Blanco explícanos as orixes deste "concurso literario" e como o poeta de Boel, no ano 1861, é premiado pola composición "A Galicia", única obra das que se presentan escrita en galego. Segundo o autor: "...este premio significou un dos fitos do Rexurdimento".

Para maior comprensión e axuda desta biografía, Ramón regálanos unha antoloxía de poemas en galego, portugués e castelán, quedando así constancia da excelente formación lingüística e cultural do vate de Boel.

Este libro é unha ocasión perfecta para "pasear" pola vida e a obra de Francisco Añón e achegarnos ata a poesía dun grande da literatura galega, nacido en Boel-Outes e homenaxeado o Día das Letras Galegas no ano 1966. Temos os/as galegos/as, a obriga de coñecelo, recordalo e, grazas a unha obra como esta de Ramón Blanco Fernández, témolo moito máis fácil.

Lidia Vicente Lorenzo



## Clasicismo e Romanticismo na obra de Añón

Ramón Blanco

*“Todo clásico leva dentro un romántico  
que aprendeu o seu oficio”*

*Paul Valéry*

Na poesía de Francisco Añón conflúen dous polos opostos: a estética neoclásica (habilidade e mímese) e a romántica (inspiración e xenio). Tiña gran habilidade para a métrica e non menos inspiración para os temas que trataba. Na súa biografía podemos rastrexar o contacto con estas correntes. Sendo estudante en Santiago familiarízase co mundo grecolatino e terá acceso a libros dos pensadores franceses do XVIII, mais tamén coñecerá aquí as novas modas románticas que veñen da man da ideoloxía liberal á que sempre foi fiel. En Lisboa recibirá a esplendorosa pegada neoclásica da cidade, en Sevilla e Madrid estará nalgún dos epicentros do romanticismo español, e aínda nos queda por saber o moito que puido descubrir en Francia e Italia. Como exemplos de clasicismo na súa obra podemos destacar os temas herdados do espírito do filantropismo e da revolución francesa (“Ante a torre de Hércules”); o arcadismo e o mito da idade dourada (p. ex. “Recordos da infancia”); o canto á liberdade (“El Cazador, canción); a loanza de heroes e escritores do pasado (o poema a un ilustrado: Feijoo; e os dous que dedica a un poeta renacentista, polo tanto “clasicista”, e portugués: Camões); e a condena do fanatismo (“A la virgen del Rial”). Tamén podemos constatar estas influencias no plano formal dos textos, pois é debedor dos moldes clásicos: himnos (o suposto “Hino dos povos”, “La Revolución. Himno patriótico, dedicado al pueblo, al ejército y a la armada”, os que dedica “A Galicia”, “Himno á agricultura”, “A la Guerra de África. Himno”, “Himno de África”, “Himno Angélico...”), epigramas, odas, fábulas (“A

leiteira”, “Las Ranas pidiendo rey”, “Fábula”), églogas (“Recordos da infancia”)... O uso que fai de versos alexandrinos e de estrofas como a “octavilla aguda” denotan a influencia dos clásicos da poesía española. A imaxe romántica de Añón está reforzada coa súa aura de aventureiro, bohemio, pasional... E como exemplos do romanticismo na súa obra cabe destacar o atrevemento formal, mesmo no extravagante emprego dos signos de admiración; as imaxes audaces; as alusións ao destino fatal, á gloria póstuma e á desesperación (que pode abocar ao suicidio, como lles aconteceu a Larra e a Vesteiro Torres, ao que o de Boel dedica unha excelente elegía). Podemos constatalo en poemas como: “A mi destino”, “Desprecio”, “Alfonso sobre la tumba de Blanca”; tamén naqueles versos de “Recordos da Infancia” que din: “D’ese chan venturoso arrincado/ Po-l’a man do meu negro destino”. Así mesmo habería que falar da simpatía pola temática popular e pintoresca (p. ex. “O Magosto”), con tendencia á narratividade, que por veces leva a un costumismo crítico: contra a ambición (“A leiteira”), contra a superstición (“A Pantasma”)... o que non deixa ao mesmo tempo de ser un continuismo do afán didáctico neoclasicista. Como proba definitiva da aceptación romántica temos o poema “El reo de muerte”, de José de Espronceda, que apareceu copiado entre os

papeis do noso escritor. Añón formouse na literatura neoclásica, chegando a ser un dos mellores versificadores do XIX. Home viaxado e de fonda cultura, foi autor talentoso dunha obra permeábel ao primeiro romanticismo español, o cal fai del tamén un dos mellores poetas da época.

FRANCISCO AÑÓN

“O PATRIARCA”



Añón es el fiel reflejo de la bohemia romántica. SIRD.

Antena dominical / Voz de Galicia, Añón visto por “Siro”

El exilio y la escasez de medios económicos no hicieron cambiar el talante democrático del escritor. SIRD.

## Música para Añón

Xoán X. Mariño

A poesía de Francisco Añón está dotada dunha gran musicalidade. Circunstancia pouco común que permitiu que os seus poemas fosen obxecto do interese de cantantes, intérpretes, arranxistas e músicos en xeral.

Foron os pioneiros neste labor os integrantes do lexendario grupo **Los Tamara**, que incorporaran ao seu disco *Na fermosa Galicia* (Zafiro, 1970) dúas das poesías de Añón, ambas musicadas por Prudencio Romo e Ramón Farrán e inmortalizadas pola irrepitible voz de Pucho Boedo: o himno “A Galicia” e “A miña enfermédá”, aínda que esta última aparece nos créditos co título “A enfermédá de Añón”.

A primeira delas había de ser, moitos anos despois, versionada polo grupo musical de Outes **Os Marañoscas**, no seu disco *Noites de Verán* (2001) e dez anos máis tarde interpretada pola **Banda Municipal de Lousame** e a **Coral Polifónica de Noia**, dirixidas respectivamente por Fernando Froján e Manuel González, coa voz solista de Esperanza Filgueira, no seo do V Encontro de Bandas do Concello de Lousame (grabación se pode encontrar no enderezo de internet: <http://www.youtube.com/watch?v=oXLDGfbYJnc>).

O propio Prudencio Romo púxolle voz e son a outros dous poemas: “Quixera” e “O faro máis vello”, que el mesmo interpretou en directo na Casa da Cultura da Serra, no transcurso das I Xornadas de Añón que se celebraron en Outes no ano 2004.

Por último, **Suso Vaamonde** incorporou o poema de Añón “Amor apresurado” ao seu disco *Regodobargo*, editado en 1995.

Todas elas están sendo recollidas nun disco xenerosamente patrocinado polo Concello de Outes para honrar ao insigne escritor no bicentenario do seu nacemento, que se encontra en proceso de gravación no estudio de **Rodrigo Romaní**, baixo a súa propia dirección artística e a cuxo coidado fican tamén a produción, arranxos musicais e incluso a interpretación dun dos temas: “Aos meus primos”, acompañado pola voz da nena Noela Dosil, da Albeida. **Enrique Martínez** e **Domingo Barreiros**, ambos integrantes do grupo Los Romero, que durante os anos setenta e oitenta actuaron por toda Galicia, encargáranse de interpretar o himno “A Galicia”, arranxado para esta ocasión por Rodrigo Romaní

e acompañados pola **Coral F. Añón** e o profesor e integrante da **Banda de Gaitas de Outes**, Edelmiro Fernández. A agrupación de vento e metal **Onde brass?**, acompañada pola mezzosoprano Ludmila Priscilla Sánchez, serán os que interpreten o tema “Amor apresurado”, arranxado polo profesor e compositor outense Manuel Blanco. Intentárase tamén incorporar ao disco os dous temas cantados por Prudencio Romo na Casa da Cultura da Serra aquel 9 de outubro (aniversario do nacemento do poeta) do 2004, e que foran gravadas en directo polo director da banda municipal de música, Manuel Blanco, que lle axudou naquela oportunidade co son.

Pero neste disco de *Música para Añón* vai haber moitas outras colaboracións: A coral xuvenil **Solpor**, do Freixo, vai cantar unha das máis coñecidas poesías do noso escritor: “Ante a Torre de Hércules”, musicada por Domingo Barreiros; este tamén lles puxo acordes a outros dous poemas: “O recordo” e un “Epigrama”, que van interpretar respectivamente a **Coral F. Añón** de Outes e a coral **O Peirao**, do Freixo, todas elas dirixidas asimesmo por Domingo Barreiros.

Importante é tamén a participación da **Banda de Música de Outes** que interpretará a poesía “A Sabeliña”, cuxa música foi composta polo propio director da Banda, o antedito Manuel Blanco, e que vai contar tamén coa participación da voz solista Ludmila Priscilla Sánchez ademais do grupo de cantadeiras **D’Outeson** e o coro de cámara **Exultate**, composto polas irmás Adoración, Arabella e Patricia Sánchez Mata.

Pero non acaba aquí a relación de personalidades da música do noso concello que quixeron participar no disco, porque o cantautor Xosé M. Vázquez “**Xastre**” tamén se suma a esta homenaxe do mundo da melodía de Outes ao noso máis grande poeta de todos os tempos cun tema propio adicado a Añón, que el titula “Que dirán?”, arranxado por Rodrigo Romaní, quen ademais poñerá música aos poemas “Egloga. Recordo da infancia”, “Boel” e “El borracho y el eco”, que recitarán respectivamente: **Olalla Tuñas**, **Ángela Tobío** e tres das integrantes do **Clube de Lectura** de S. Lourenzo: Emilia Insua, Josefa González e M<sup>ª</sup> Carmen García.





## As edicións en libro da obra de Añón

Ramón Blanco

Tense dito en varias ocasións que a obra de Francisco Añón ficou dispersa en publicacións periódicas, e incluso nalgúns casos inédita. Non podemos esquecer que o poeta non publicou ningún libro (individual) en vida. Describiremos aquí a súa fortuna ecdoética no que se refire ao formato libro.

### A) Edicións en vida (en libro colectivo)

- *Album de la Caridad. Juegos Florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, A Coruña, 1862. Organizado por Antonio María de la Iglesia e impreso no Hospicio Provincial. De Añón inclúense: "Juegos Florales", "A Galicia", "Recordos da infancia", un fragmento de "O magosto", e "El Borracho y el eco".

- *Colección de poesías gallegas de diferentes autores*, por José Casal y Lois, tomo 1º, Pontevedra, 1865. Aparece unicamente o poema "Recordos da infancia".

### B) Edicións póstumas en folletín ou similar (en libro individual)

- *Poesías varias. Colección debida á la inspirada pluma del eminente gallego D. Francisco Añón Paz. Precedidas de un artículo necrológico*, Vigo, 1878. Trátase dun folletón (mentres que o folletín é unha publicación por entregas en páxinas numeradas polos dous lados, o folletón é unha entrega menos coidada e por unha soa cara) do periódico *La Concordia*. É moi difícil de atopar e pouco fiable en canto á fixación dos textos, dada a precariedade editorial da época, mais veu encher un baleiro.

- *Composiciones poéticas del vate gallego D. Francisco Añón*, Noia, 1879-1880. Folletín do periódico noiés *El Tambre. Periódico de intereses generales, noticias y anuncios*. Aínda máis difícil de consultar que o anterior. Emilia Pardo Bazán, que só coñecía esta edición, di das obras de Añón que están: "tan mal impresas y con tales erratas que apenas se podía formar idea de su valor".

### C) Edicións póstumas en volume exento (en libro individual)

- *Poesías gallegas y castellanas*, A Coruña, 1889. O erudito Andrés Martínez Salazar acometeu, na súa editorial Biblioteca Gallega, esta terceira publicación póstuma, moito máis coidada, tamén a máis completa, grazas á doazón de textos por parte de varias persoas e corporacións. Sería a base de todas as futuras edicións e referente canónico indiscutíbel.


- *Poesías de Francisco Añón c' un prólogo de Eugenio Carré Aldao*, A Coruña, 1920. Son 13 poemas en galego. Compúxose na Imp. e Lit. de L. Lorman.

- *Poesías*, Buenos Aires, 1922. Cópia-reimpresión do que editara Martínez Salazar en 1889. A maior parte do traballo estivo ao cargo de Domingo Sendón (non confundir co poeta Domingo Sendón Rodríguez), sendo secretario da Sociedad Unión Residentes de Outes en Sud-América. Como dixo Bel Ortega: "Aínda sendo unha copia, ten bastantes erratas con respecto ó orixinal, polo que non é de fiar". Esta obra é bastante coñecida en Outes grazas aos exemplares enviados desde a Arxentina polos emigrantes.

- *Poesías gallegas por Francisco Añón*, prólogo de Uxío



Poesías Añón, 1920, por Carré Aldao




POESÍAS. Buenos Aires, 1922

Carré Aldao. A Coruña, sen data (sabemos que é de 1928). Tamén 13 poemas en galego, pero cambiouse "Amor apresurado" por "Xogos froaes". Desta vez editase na Biblioteca Lirica Lar.

- *Poesías Galegas*, A Coruña, 1966. Publicación da Real Academia Galega. Nesta aumentan considerabelmente as composicións incluídas, xa que son 31 poemas. Hai unha nota que di: "(1) Na presente edición respetouse a ortografía do autor, excepto as letras g -antes de e e i- e j que foron substituídas por x, seguindo -no emprego d' este fonema- a práctica adoptada pol-a cuase totalidade dos escritores galegos contemporáneos. -Nota da R. A. G.". Patrocinada polo Concello de Outes. Imprimíronse moi poucos exemplares, mais é bastante coñecida. O noso Concello, a Deputación provincial da Coruña e mais a Real Academia Galega prepararon en 2012 unha edición facsimilar que será distribuída entre a veciñanza de Outes.

- *Poesías Galegas*, Vigo, 1966. Da editorial Galaxia. Son 9 poemas, supoñemos que os que consideraron máis populares ou coñecidos pola tradición editorial precedente a partir de Uxío Carré Aldao.



Poesías Añón, Galaxia, 1966




Portada libro de López de Serantes


- *Vida e morte dun poeta: Biografía de Francisco Añón Paz*, A Coruña, 1986. Esta obra de Xosé María López de Serantes,

impresa en Venus Artes Gráficas, é a referencia que teñen moitos outenses para o coñecemento da vida do noso poeta. Trátase dunha biografía novelada. Ao final engade unha escolma poética extraída da edición de 1889 ou da reedición de 1922.

- *Poesía en galego*, Noia, 1989. Gráficas Sementeira (cando aínda non existía oficialmente a editorial Toxosoutos) publicoulle a Fernando Bel Ortega este libro na serie de cadernos



Poesías Añón, Bel Ortega



Portada libro de Bel Ortega


"Cruceiro do Rego". Actualmente esgotado.

- *Vida e obra de Francisco Añón*, A Coruña, 1991 (como consta no Depósito Legal da imprenta, ou 1990, segundo datos do ISBN). A edición desta tese doutoral correu a cargo da Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa (na "Colección Galicia Viva", disposta pola Real Academia Galega). Ademais da biografía ofrécese o corpus poético añoniano, tomando sobre todo como base as edicións da Biblioteca Gallega e da RAG. O número de poemas ascende a 153, 39 máis ca na

edición de Martínez Salazar, e ofrece 14 composicións totalmente inéditas: serían 107 poemas en castelán (pero un dos textos, "El reo de muerte", está indebidamente atribuído), 39 en galego e 7 en portugués. A intención de Bel Ortega non foi facer unha edición crítica, mais inclúe variantes dos versos. Libro de fácil acceso, aínda que está actualmente esgotado.

- *Vida e obra de Francisco Añón. Antoloxía*, Vigo, 2012. Redactamos esta nova biografía para a editorial

Galaxia, co apoio da Xunta de Galicia, grazas ao empeño de Xoán Mariño, coincidindo co bicentenario do poeta. O texto biográfico acompáñase cunha escolma poética na que se adaptaron os poemas ás actuais convencións normativas.



Portada libro editado en Celanova

Son varias as persoas do concello de Outes que nos teñen preguntado onde poden ler os poemas Añón, cuxo acceso, como vimos, non sempre é doado. Actualmente, que saibamos, os únicos libros sobre Añón que circulan comercialmente sen problema son *Francisco Añón: Aproximación Didáctica* (Toxosoutos, Noia, 2005), no que colaboramos con Pilar Sampedro e Santi Nieto, e mais a mencionada biografía de Galaxia. Non sabemos se a edición facsimilar dos poemas galegos é venal. Esperamos que estas indicacións valla para algo (e alegrémonos por cada nova achega) mentres non haxa a tan agardada edición crítica que faría innecesaria a relación precedente.



# FEDERÓPTICOS LARRONDO

PORTA DA VILA, N.º 13  
NOIA  
TLF. 981 822 452

AVD. DE COMPOSTELA, 13  
OUTES  
TLF. 981 850 953

GRADUACIÓN DE SU VISTA  
CONTROL DE LA  
MIOPIA  
LENTES DE CONTACTO  
AUDÍFONOS  
PARA SORDOS  
CERTIFICACIÓN AENOR DE  
CALIDAD DE SERVICIO

[www.federopticoslarrondo.com](http://www.federopticoslarrondo.com)  
[larrondo@federopticos.com](mailto:larrondo@federopticos.com)